

# Dallares

Revista do C.P.I. Tino Grandío • Guntín - Lugo

Nova época • Ano VI - Nº 6



# Pallares

Revista do C.P.I. Tino Grandío • Guntín - Lugo

Nova época • Ano VI - Nº 6

## SAÚDO

Querido lector:

Sae este ano outro número da nosa revista *Pallares* que pretende darche unha visión o máis completa posible do que é a vida diaria no noso centro escolar.

Neste número conmemoramos o vinte e cinco aniversario da fundación do noso centro como colexio de E.X.B. Ademais de lembrar este feito, e os cambios que ao longo do tempo foron tendo lugar, faremos un percorrido pola vida diaria do colexio a través dos traballos que os distintos grupos de alumnos foron realizando ao longo deste curso escolar.

Pretendemos que segundo vaias lendo este número de *Pallares* vaias entrando na vida do noso centro escolar e vendo como traballamos día a día.

Confiamos en que che guste e, en todo caso, recordarche que o próximo número da revista comeza a elaborarse en canto remates de ler este e decidas aportar algo teu.

Ata daquela.

## CONSELLO DE REDACCIÓN

Arias Castro, Ana  
Dorado Fdez., Pascuala  
García Crecente, Teresa

## COLABORAN

Alumnado do CPI Tino  
Grandío e de 5º e 6º  
do CPI de Lousada

.....

Asorey Daviña, M<sup>a</sup> Teresa  
Bordonaba Ramos, Jaime  
Carreira López, M<sup>a</sup> José  
Dorado Fdez., Pascuala  
Fernández López, Rosario  
García Álvarez, Dorotea  
Ocampo Fernández, M<sup>a</sup>  
Josefa Piñeiro Torres, Ángel  
Quiroga Fernández, Pilar  
Rey López, Clara  
Ricart Vázquez, Ángeles  
Varela Abelairas, M<sup>a</sup>  
Carmen  
Vázquez García, Carlos  
Vázquez Rodríguez, M<sup>a</sup>  
Purificación  
Veiga Vila, Amparo  
Vilabrilte Fernández, Eva

## FOTOGRAFÍA

Arias Castro, Ana  
García Crecente, Teresa  
Veiga Vila, Amparo

## DEBUXO

Alumnos de E. Infantil, 1º e  
2º de E.P.  
López López, Laura  
Rodríguez Regueiro, Silvia

## COORDINACIÓN

Arias Castro, Ana  
García Crecente, Teresa

## ÍNDICE

- 01-25 anos do colexio de Guntín
- 02-Os tres porquiños
- 05-Máscaras de entroido
- 06-Benvida primavera
- 07-Facemos xabón
- 09-O mel
- 11-As zocas
- 13-Manuel Lugo Freire
- 17-O Día da Paz
- 18-Sabías que...
- 19-O tabaco tamén nos inspira
- 21-Os coches e a contaminación
- 22-Recomendacións culturais
- 23-Os incendios forestais no concello de Guntín
- 25-Unha historia de aventuras
- 27-Coplas do entroido
- 29-Carteis sobre o entroido
- 30-Chuletas
- 32-Outros camiños do saber
- 34-Daniel Spenceley
- 37-Conducir pola esquerda
- 39-A dinastía dos Borbóns
- 42-O sudoku
- 43-Pasatempos
- 44-As palabras máis fermosas da nosa lingua
- 45-O programa de diversificación curricular
- 46-A gripe aviar
- 49-Un acontecemento astronómico. A eclipse anular
- 54-Quen é quen en infantil e primaria
- 55-Quen é quen en secundaria
- 56-Despidense de nos este ano

ISSN: 1579-2773  
D.L. LU-18-2002



## 25 ANOS DO COLEXIO DE GUNTÍN

Eva Vilabril Fernández

**Neste ano cúmprense os 25 anos desde que o noso centro, hoxe C.P.I. Tino Grandío, daquela C.P. de Guntín, iniciara a súa andaina que agora recordamos e celebramos.**

Foi en 1981 cando o Colexio de Guntín empezou a prestar os seus servizos. En setembro estará de aniversario. Cumpre 25 anos.

Moitos foron os profesores que ao longo de todos estes anos impartiron coñecemento e formaron a tantas promocións de alumnos que pasaron por aquí. Parte do alumnado de hoxe xa son fillos de ex-alumnos. Polo tanto, aproveitamos a ocasión para recordar a necesidade de coidar e tratar ben as dependencias e mobiliario do centro, xa que no futuro continuarán sucedéndose os descendentes.

De todas as persoas que iniciaron a súa andadura á vez que o colexio, só permanece unha, Lola, a cociñeira. Entre o profesorado, moitos xubiláronse aquí, outros pediron traslado para outros centros. Como sería longo citalos a todos, só facemos mención a aquelas persoas que levaron o temón dende a dirección: dona Purita, dona Chelo, dona Carmiña, dona Blanca e a actual dona Teresa.

Das nove aulas iniciais, unha era de Párvulos e oito de E.X.B., que eran moi numerosas. Aproximadamente viña habendo trinta alumnos por aula e uns dez profesores en todo o centro. Disto pasamos ata as actuais catorce unidades: dúas de Educación Infantil, cinco de Educación Primaria e sete de E.S.O. Hoxe hai trinta e dous profesores. A matrícula descendeu moito, a pesar de que agora veñen



nenos desde os colexios de Lousada e de Portomarín. Un sente saudade cando lembra aqueles autobuses que chegaban ategados de cativos e que agora andan case baleiros. Tamén causa tristura ver as aldeas sen nenos nin rapaces novos.

Aquel primeiro edificio foi aumentando con novas construcións engadidas. Ademais agora despoñemos de aulas ben dotadas e específicas para música, informática, tecnoloxía, inglés, laboratorio, biblioteca, pavillón, polideportivo, sala de usos múltiples, sala de profesores... Calquera que leve anos sen visitalo, apenas o recoñecería.

Os maiores cambios tiveron lugar coa implantación da E.S.O. O colexio pasou a ser un C.P.I. (Colexio Público Integrado), o que quere dicir que abarca toda a ensinanza obrigatoria desde os 3 aos 16 anos. Isto supón unha grande vantaxe, poder cursar aquí ata 4º de E.S.O., sen necesidade de se desprazar a outros centros máis afastados.


No ano 2000 foi bautizado co nome de Tino Grandío, en honor do recoñecido pintor de Lousada.

Estamos orgullosos do noso colexio. Sabemos que goza de prestixio. Desexamos que siga medrando e cumprindo anos; pero para iso necesitamos, sobre todo, que non se acaben os alumnos.

## OS TRES PORQUIÑOS



Alumnos de Ed. Infantil de 3 e 4 anos

*Os nosos compañeiros de 3 e 4 anos escribiron e ilustraron un conto coa axuda da súa profesora que, de seguro nos vai gustar a todos e facernos recordar vellos tempos.*




*Había unha vez tres porquiños, que vivían xuntos coa súa nai, pero un día decidiron independizarse e construír cada súa casa.*

*O porquiño máis vello non tiña moitas ganas de traballar, así que para acabar pronto construíu unha casa de palla.*



*O porquiño mediano era algo máis traballador e púxose a facer unha casaña con táboas de madeira.*

*O porquiño máis pequeno era o máis traballador dos tres e púxose a facer unha casaña de pedra, que lle levou moito tempo e lle deu moito traballo.*





Cando todos os porquiños xa estaban instalados nas súas novas casas, chegou o lobo.

O lobo viña con moita fame e pensou que os porquiños serían un bo xantar. Dirixiuse cara á casa de palla e chamou á porta. O porquiño contestou:

**-Quen é?**


**-Abre a porta-** dixo o lobo.

**-Diso nada,** -contestou o porquiño, recoñecendo a voz do lobo **-se che abro a porta, vasmе comer.**

**-Pois se non abres-** seguiu o lobo **-soprarei e soprarei e a túa casaña derrubarei...**

E púxose a soprar coma un furacán. E a casaña de palla saíu voando.

O porco marchou para a casa do seu irmán mediano.



E para aló marchou tamén o lobo. Chamou á casa de madeira e os porquiños contestaron:

**-Quen é?**

**-Abride a porta-** berrou o lobo.

**-Diso nada,-** dixeron os porquiños, **-que se che abrimos a porta vavnos comer.**

**-Pois se non abrides,-** dixo o lobo enfadadísimo **-soprarei e soprarei e a vosa casaña derrubarei...**

E soprou con tódalas súas forzas. E a casa de madeira caeu táboa a táboa.

Os dous porquiños marcharon correndo para a casa de pedra do seu irmán pequeno.


E o lobo, que cada vez tiña máis fame, foi detrás deles. Outra vez o lobo chamou á porta:

**-Quen é?-** contestaron os porquiños.

**-Abride a porta-** ordenou o lobo.

**-Nada diso-** contestaron os tres irmáns **-que nos queres comer.**

**-Pois se non abrides, soprarei e soprarei e a vosa casaña derrubarei...**






*E comezou a soprar, e a soprar, e a soprar... pero nada, a casa de pedra non caía. E volveu soprar, e a soprar, e a soprar, ata que se puxo vermello de tanto esforzo, pero a casa de pedra non se moveu.*

*O lobo era moi testán e tiña moita fame, así que pensou noutra maneira de comer aos porquiños. Buscou unha escada.*




*O lobo colleu a escada e subiu ao tellado da casa de pedra para entrar pola cheminea.*



*Pero os porquiños eran moi listos e rapidamente acenderon o lume para dar unha boa lección ao lobo.*

*O lobo meteuse pola cheminea e empezou a baixar por ela, pero, claro, queimou o cu.*

*O lobo, todo queimado, marchou correndo cara ao monte e nunca máis se lle ocorreu volver a molestar aos tres porquiños.*




*Os tres irmáns decidiron facer unha casa de pedra para cada un, aínda que dese máis traballo, e cando as acabaron celebraron unha festa.*

**Fin**

## MÁSCARAS DE ENTROIDO

Alumnos de Ed. Infantil de 5 anos

Os alumnos de 5 anos de Educación Infantil puxémonos mans á obra antes do entroido para preparar unhas máscaras coas que ser os máis orixinais do nosos centro. Xa veredes que doadas son de facer e que ben nos quedaron. Sen dúbida foron as máis rechamantes do colexio.




*Cunha presña de sal,  
quilo e medio de fariña,  
con auga e unha batidora  
fago unha máscara axiña.*

*Inflo un globo primeiro,  
fago tiras de xornal,  
mollando e enriba poñendo,  
espero que non me quede mal.*

*Voulle dando feitura de cara,  
algunha parece de animal.  
Pintareino cando seque a masa  
e quedárame xenial.*

*Moito medo vai meter  
e o entroido vou correr,  
todas elas vou lucir  
Moito me vou divertir!*



## BENVIDA PRIMAVERA!

Alumnos de 1º e 2º de Educación Primaria

Esperamos que vos guste esta poesía que compuxemos entre todos os compañeiros de Primeiro Ciclo de Educación Primaria para que vexades o bonita que é esta estación do ano na que estamos agora. A que somos bos poetas?

A primavera chegou  
con auga e mais sol  
e pouco a pouco  
todo cambiou.



O cuco pillabán  
quere espertar  
aos nenos durmiñóns  
todas as mañás.



Saíu o verde,  
saíron as cores,  
o que máis me gusta  
o cheiro das flores.




Voan os insectos  
buscando a comida  
e o grilo está aquí  
cantando cri, cri.



Moitos animais  
aparecen outra vez,  
se coidas o campo  
poderalos ver.



Cando chove e hai sol  
aparece no ceo  
o arco da vella  
cheo de cor.



Voltan os paxaros  
facer o seu niño  
e criar os fillos  
con moito agarimo.



## FACEMOS XABÓN

Alumnos de 3º e 4º de Ed. Primaria

**No mes de marzo os alumnos de 3º e 4º de Educación Primaria estivemos aprendendo a forma tradicional de facer xabón. E como non podía ser menos ao final levamos unha peña de xabón cada un para a súa casa.**

Os nenos e nenas de 3º e 4º de Primaria decidímonos a aprender a facer xabón caseiro polo sistema tradicional. Aínda que poida parecer difícil é un proceso laborioso pero non complicado. Se queredes probar na vosa casa, sempre coa axuda dun adulto, necesitaredes:



- 6 litros de auga
- 6 litros de saín
- 1 kg de sosa cáustica
- deterxente
- ... e moita paciencia

### O proceso é o seguinte:

Para empezar botamos 6 litros de auga nunha tina.



A continuación botamos a sosa cáustica con moito coidado removendo nun pao longo. Esta é a parte máis delicada do proceso pois pode desprender gases irritantes. Por iso fixémoslo no corredor do colexio que é un local máis amplo e ventilado.



Engadimos despois 6 litros de graxa fundida e un pouco de xabón líquido para que faga espuma cando nos lavamos.



Remexemos durante unha hora longa. Ao primeiro facíámolo con moita ilusión pero despois tiveron que axudarnos as profesoras porque era algo aburrido. Había que ter

coidado de non parar de remexer cando cambiaba o que o facía e de seguilo facendo sempre no mesmo sentido.



Despois foi embastecendo e facéndose máis branco pouco a pouco.



Envorcámolo en dúas caixas forradas cunhas bolsas de plástico e deixámolo reposar un día enteiro ata que solidificou de todo.

Por último, cortámolo en anaquiños para podelo repartir entre nós e co resto de compañeiros de Primaria.



De forma que agora xa sabemos facer xabón e se un día non nos lavamos e vimos sucios á clase non será por non saber facelo.



*Se na túa casa sobra a graxa fai xabón;  
así a túa roupa brangueará un montón.*

## O MEL

Alumnos de 5º de Ed. Primaria

Os alumnos de 5º amosamos un traballo sobre as abellas que logo do seu estudo deu lugar a unha exposición nos corredores do centro coa fin de que todos puidesen gozar e, ao mellor, aprender algo do mundo das abellas. A nós o que máis nos chama a atención é a súa complexa organización.



O primeiro mural expón e fala das construcións apícolas, dos apicultores e do mel, o segundo céntrase máis nas flores. Aí vai un resumo que cremos interesante.

En Galicia existe unha tradición apícola de cultivo das abellas moi antiga. Os cortizos, cobos, trobos... son colmeas tradicionais, chamadas *fixistas* porque as abellas constrúan os panais (favos, entenas) e fixébanos nas paredes da colmea. No sur de Galicia e norte de Portugal, as colmeas tradicionais adoitábanse cubrir con palla para protexelas do frío e da calor.

A colmea moderna tamén se chama *mobilista*, porque se lles dan ás abellas os panais feitos (cadros con cera), e estes pódense trasladar de lugar e aínda de colmea. As colmeas modernas permiten practicar unha apicultura racional e produtiva: nelas hai moitas máis abellas e producen máis mel cás tradicionais.

Nas zonas de montaña os apiarios cerrábanse cun valado para protexer ás abellas dos osos que as atacaban para comerlles o mel, estas construcións coñécense cos significativos nomes de *oseiras* ou *cortíns*.

## O APICULTOR

Co paso do tempo, o home converteuse en apicultor (cultivador das abellas). Para manexar as abellas, o apicultor utiliza un traxe que o defende das aguilloadas. Co afumador asústanse e obrígaas a enchérense de mel, polo que están máis mansas.

En chegando o outono, o apicultor retira das colmeas unha parte dos panais de mel, aproximadamente unha media duns vinte quilogramos por colmea, e deixaralles outro tanto ás colonias para que pasen a invernar.

A apicultura mobilista fixo diminuír moito a produción de cera. A cera tradicionalmente úsase en forma de candeas e cirios; actualmente úsase na industria



farmacéutica, en cosmética e tamén na industria e na arte. Mediante unha máquina estampadora, a partir do cerón obtemos láminas de cera estampada.



### MORFOLOXÍA E VIDA DAS ABELLAS. AS FLORES

As abellas recollen o néctar para facer o mel, e os meles producidos dependen das flores visitadas.

Polo xeral, os meles de monte son de cores escuras e os meles de val, de cores máis claras. As queirogas ou uces, ericas, producen meles marrón escuro e de sabor forte. O eucalipto é moi visitado polas abellas e dá un mel claro de sabor suave e perfumado. O castiñeiro produce un mel escuro de sabor forte.

As abellas recollen pole nas flores, que levan nas cestas das patas en forma de bólas, para alimentaren a súa cría. A silva produce moito néctar, que dá un mel claro e tostado de sabor doce.

Nas entradas das colmeas as abellas baten as ás producindo unha corrente de aire para quitarlle a humidade ao néctar e ir elaborando o mel. Esta abella exploradora realiza ante as súas compañeiras a danza do

coleteo para comunicarlles que descubriu néctar e pole a máis de cen metros da colmea.

As obreiras nos seus primeiros vinte e un días de idade traballan no interior da colmea e adícanse a limpar a colmea, alimentar as larvas, construír panais, coidar da nai, facer garda na piqueira...

Despois dos vinte e un días de vida, as obreiras traballan no campo, recollen néctar, polen, auga... As obreiras pasan o néctar de boca en boca para ir elaborando o mel.



A abella nai chega a poñer uns tres mil ovos diarios durante a primavera. Os ovos fecundados dan lugar a obreiras ou a abellas nais dependendo da alimentación que reciben as larvas durante o seu desenvolvemento. Dos ovos sen fecundar nacen os machos.



## AS ZOCAS

Alumnos de 6º de Ed. Primaria

Como ben sabemos todos, as zocas son un calzado de madeira rematado en forma de punta máis ou menos aguda que se usaba antigamente pero, se temos interese en saber algo máis os nosos compañeiros de 6º estiveron investigando sobre o tema coa axuda de don José Rodríguez Mourenza, que lles explicou todos os segredos do oficio.



Este calzado de madeira ten un tacón axeitado para impedir que a auga ou o barro cheguen ao pé. Era o calzado típico de Galicia. Foi usado dende antigo a diario na aldea.

A mellor madeira para facelas é a de bídalo porque é unha madeira fácil de traballar, lixeira para levar e de boa calidade pola súa duración.

### REALIZACIÓN:

En primeiro lugar empézase o traballo cortando un toro cun troncón; será segundo o tamaño da zoca que se vaia facer. Xeralmente o toro divídese en catro partes e faise unha zoca de cada cuarterón.

Seguidamente lábrase a madeira coa macheta e váiselle dando a forma bruta de zoca. Unha vez acabado o traballo coa macheta

colócase a zoca no gastallo e empézase a furar cunha gubia para facer a boca da zoca. Despois, con legras de diferentes tamaños, váise escavando a forma do pé. Logo outra vez coa gubia para facer a base do pé.

A continuación, cun trade pequeno fúrase o sitio das dedas e logo úsase unha legra para desbastar o máis forte e outra máis pequena para rematar e limpar todo o burato.

En último lugar emprégase unha aixola para rematalas por fóra e unha coitela para afeitadas e poñelas lisas. Deseguido pásase un rebocador arredor da boca do pé para que non molesten.

Finalmente se se queren engadir debuxos emprégase un repenisco e un sacabocados.

### FERRAMENTAS:

**AIXOLA:** ferramenta usada polos zoqueiros para desbastar a madeira.

**BASTRÉN:** pequena coitela con mangos nos extremos que se emprega para cepillar madeira en curva.

**BURRO OU GASTALLO:** armazón usada polos zoqueiros para serrar ou suxeitar as zocas para escavalas.

**COITELA:** instrumento cortante de folla curva.

**GUBIA:** formón de media cana para labrar e facer furas na madeira.

**LEGRA:** instrumento específico dos zoqueiros para baleirar o interior das zocas.

**MACHADO:** ferramenta cortante con mango máis ou menos longo.

**MACICO:** mazo de madeira.

**REBOCADOR:** coitelo curto e estreito para limpar a beira interior da boca da zoca.

**REPENICO:** instrumento para facer repenicos ou adornos na madeira.

**SACABOCADOS:** instrumento para facer buracos de adorno nas zocas.

**TÁBOA DO PEITO:** peza de madeira plana redondeada que empregan os zoqueiros para apoiar as zocas contra si para rematalas.

**TRADE:** instrumento que remata nunha punta de ferro ou aceiro en espiral que serve para furar.

**TRONZÓN:** serra grande cun mango en cada extremo que se utiliza para serrar troncos.

### INSTRUMENTAL DOS ZOQUEIROS

1. serrón
2. macico
3. machado
4. trade
5. burro de desbastar
6. aixola
7. burro de escavar
8. tronzón
9. gubias
10. legbras
11. coitela
12. táboa de peito
13. bastrén
14. rebocador
15. mazo
16. epenico




*Agradecémoslle a José Rodríguez Mourenza a colaboración que nos prestou para facer este traballo. Explicounos detalladamente como era o oficio e ensinounos as ferramentas.*

## MANUEL LUGRÍS FREIRE

Óscar Varela Varela de 4º de E.S.O.

Coma cada ano, en memoria da publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, o 17 de maio celebraremos o Día das Letras Galegas. Esta conmemoración anual adícaselle neste ano ao autor Manuel LUGRÍS FREIRE.



Manuel LUGRÍS FREIRE naceu en Sada (A Coruña) no ano 1863, coincidindo coa publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. Pasou os seus primeiros vinte anos de vida na súa vila natal, Sada, á que lle adicou múltiples versos, así como tamén a todos os veciños sadenses pola coraxe que mostraron na loita na Guerra da Independencia. LUGRÍS alentou a que se instalase en Sada un dos complexos culturais e industriais máis importantes da época, onde destacou a galería de Sargadelos e as Edicións do Castro.

Este relevante escritor apreciaba moito a súa familia, destacando a súa nai e ao seu irmán, aos que tamén recorda en varios poemas. Antes de emigrar a Cuba traballou de escribán no concello de Oleiros. Foi precisamente nesta época cando esperta nel esa paixón pola súa terra e polas letras e, así, comeza a escribir os seus primeiros versos publicados posteriormente durante a súa estadía en Cuba.

E, en efecto, en 1883 viaxou a Cuba en busca de mellores expectativas, asistindo á fundación e actividades do Centro Galego e da Sociedade de Beneficencia aos galegos. En 1952, o seu compatriota Ricardo Flores, fundou o grupo de teatro "LUGRÍS FREIRE", na honra do noso protagonista. Tamén é importante dicir que este escritor nunca deixou de lado nin nunca esqueceu a súa terra,

é máis, colaborou en varias iniciativas galeguistas que se desenvolvían na illa a favor de Galicia.

Manuel LUGRÍS FREIRE foi un personaxe polifacético, en todo o sentido da palabra: foi dramaturgo, poeta, narrador, ensaísta e gramático, afeccionado á fotografía, participou activamente na política rexionalista e nacionalista onde destacou sendo, primeiro, cofundador e posteriormente presidente da Real Academia Galega, á que tivo que renunciar en agosto de 1935 debido a problemas de saúde. LUGRÍS pertenceu á Escola Formalista do momento e, ademais de cofundala, levouna a un alto rango da sociedade converténdose na primeira compañía teatral de repertorio existente en Galicia. Vinculado a todos os intelectuais da época, cabe destacar que foi o primeiro orador en usar a lingua galega nun acto público.

Xa no ámbito que afecta ás obras publicadas por este na illa cubana, é interesante comentar que posúe unha ampla e variada



gama de toda clase de escritos que contribúen á súa riqueza como escritor, algo propio de LUGRÍS FREIRE. Así, en 1884, publica por entregas e en capítulos a súa primeira novela, editada en "El Eco de Galicia", *O penedo do crime. Lenda das Mariñas*, que narra como un pai manda

matar ao seu fillo froito dunha relación que mantivo cunha rapaza pobre; esta obra está cargada de bastante misterio. Un ano despois funda con Ramón Armada Teixeira *A gaita gallega* (1885-1889), sendo o primeiro períodi-

tado integramente en galego. Nel tamén aparece unha ampla nómina de pseudónimos que o noso autor utiliza, entre outros "Roque das Mariñas" (co que escribe numerosos e importantes artigos) e "Asieumedre". Nalgúns dos seus artigos, Lugrís deixaba entrever que non estaba moi a favor da emigración, aínda que a consideraba necesaria para o desenvolvemento do pobo galego. Tamén este prestixioso escritor defendía, xa nesas anos e en diversos xornais e revistas, a independencia de Galicia e o recoñecemento formal do galego como "a nosa fala". Lugrís tiña sona de ser unha boa persoa que sempre falaba en galego, fose onde fose ou con que fose.

En 1884 publicou a súa primeira peza teatral titulada *A costureira d'aldea*, que estaba escrita en versos octosílabos. Trátase dunha comedia de costumes, onde o autor deixa claro a defensa que exerce sobre o seu idioma, e tamén a defensa xeral da dignidade dos galegos como unha nación de orixe propia. O texto contén bastantes vulgarismos e está dividido en escenas.

Dous anos despois, Manuel Lugrís compuxo o seu primeiro poemario titulado *Soidades* (A Habana, 1894), que contén un prólogo de Curros Enríquez, un escritor moi admirado e que supuxo unha gran referencia para Lugrís. Neste libro o autor pretende desvelar os sentimentos que corrían polo sangue dun galego emigrado noutra terra, moi lonxe da súa: a dor e a saudade, constantes referencias á súa vila natal, á paisaxe desta, o desexo de volver para o seu fogar onde poder morrer

tranquilo, o amor a Galicia, como escribiu nos seus primeiros versos (movido polo forte sentimento de sentirse orgulloso de ser galego) etc., en fin, esa morriña que propiamente caracteriza a todos os galegos; uns versos nostáxicos que fan meditar a calquera que os lea.



É, por fin, en 1896 cando Lugrís Freire regresa a Galicia despois de trece anos en Cuba, establecéndose na Coruña como empregado do concello. Nesta tempada, sofre a perda da súa dona, Conchita Orta Iglesias (nativa

cubana), o que supón un duro golpe moral para el. Con posterioridade a todo isto, fíxose membro de multitude de iniciativas culturais e políticas en favor do galego. Desta forma, ingresou na Cova Céltica, onde se idea a *Liga Gallega* (unha asociación destinada a actividades de tipo cultural); cofundou a Real Academia Gallega e o sindicato agrario Solidaridad Gallega; participou moi activamente na vida social e cultural coruñesa colaborando en moitas publicacións galegas e americanas como *Galicia*, *Follas novas*, *Eco de Galicia*, na revista *Nós*, etc. En 1916, acode á constitución das Irmandades da Fala da Coruña, participando como un político máis nos Estatutos do Partido Galeguista e no Estatuto de Autonomía de 1932.



No plano persoal, casa coa pianista e musicóloga Pura González Varela, coa que tivo cinco fillos, tres varóns e dúas mulleres, entre os que destaca o célebre pintor Urbano Lugrís González (1908-1973).

Volvendo de novo ao terreo profesional, é importante destacar que colaborou na

emblemática *Revista Gallega*, onde ten resaltado que Portugal é a patria galega desexada. Participar neste semanario galeguista da literatura galega foi para el todo un éxito, xa que saber que outros importantísimos escritores galegos como Curros, Pondal, Murguía, Noriega Varela, Eladio Rodríguez, Lamas Carvajal... formaron parte del, era todo un orgullo, e ademais, con varios dos cales tivo grandes amizades.

As obras en poesía que tiveron máis auxe publicadas xa aquí, en Galicia, foron:


- *Noitebras* (1901), onde emprega un léxico bastante coidado dotando á obra dunha gran madurez.
- Posteriormente, foron os seus *Versos de loita* (1919), onde inclúe composicións con ritmos máis protomodernistas. Foron editados na revista *Terra a nosa!*
- En 1927 publicou *Ardencias*, un libro de temática variada que combina unha métrica distinta e culta, con claros trazos da poesía de Pondal e Curros. Un poemario dedicado á mocidade galega, onde resalta a defensa do galego, o paso do tempo, a lamentación pola morte do seu irmán nese mesmo ano, o amor á súa terra, etc.
- E, finalmente, o seu derradeiro poemario foi *As Mariñas de Sada* (1928), que non tivo moita importancia nin foi o mellor dos seus recitais poéticos. Nel mostra o orgullo que ten por ser sadense, o namorado que está da súa terra, fai unha homenaxe á sociedade e paisaxe sadense...

Como ben se comentou previamente, Manuel Lugrís tamén foi un consagrado dramaturgo. As obras que destacaron neste ámbito son:

- *A ponte* (1903), un drama adicado a Manuel Salgado Rosende, no que tentou que os personaxes falasen como "agora", xa que o libro estaba ambientado nunha época moi contemporánea e ademais así sería máis ameno, segundo el. Esta importante obra organízase en dous actos, que ao mesmo tempo, están divididos en varias escenas. Unha

característica que destacou por enriba de todo foi que estaba escrito en prosa, algo que revolucionaría, dunha forma positiva, o teatro social galego. A acción principal desenvólvese na cociña dunha casa labrega de boa posición social, mediante o cal se pretende criticar a tiranía caciquil e emprender unha defensa dos máis humildes e explotados. A temática deste drama tivo unha enorme influencia en dramaturgos posteriores, como Vilar Ponte. Como curiosidades, debemos destacar que esta obra foi traducida polo mesmo autor ao castelán e que tivo gran éxito entre os espectadores que presenciaron a súa representación.

- Tras o enorme éxito colleitado por *A ponte*, o noso poeta decidiu escribir *Minia* (1904), outro drama escrito en prosa que presenta un conflito amoroso, que forma parte totalmente dun enredo materialista, entre a propia Minia e Xacobe.




- A outra obra que segue unha semellante temática é *Mareiras*. É un drama longo, dividido en tres actos, e ao mesmo tempo, en escenas. O autor baseouse para escribir este relato na súa infancia pasada en Sada, con personaxes que imitan aos seres reais amados por el. Moitos estudosos da nosa lingua, afirman que *Mareiras* é a mellor obra de Manuel Lugrís Freire.

Nas tres obras citadas anteriormente, ten especial importancia a temática mariñeira e encárgase de mostrar o maniqueísmo existente na época, con feitos que o destacan notablemente.

- Froito dos seus escritos é tamén *Esclavitud* (1906), un drama teatral que se centra nos amores entre Esclavitud e Cidre, o cal constitúe unha representa-

- ción clara do propio autor. Neste libro, moi ben considerado polas Irmandades da Fala, realízase unha exaltación importante da galegitude.
- Lugrís Freire cultivou e creou a comedia *O pazo*, impresa no ano 1917. Esta peza é un ensaio do teatro da natureza, e con ela comeza o terceiro ciclo da etapa do teatro de Lugrís, no que destaca un novo xénero, a comedia. Esta obra é unha das máis representadas, que está escrita en prosa e que fai unha crítica razoada do nobre que é falar galego. No libro conviven dúas diferentes historias amorosas.
- En 1919, publicou *Estadeiña*, na que pretende e busca unha crítica da supersición popular. Volve mostrar aquí os seus dotes de cómico, cun humor un tanto sarcástico.

En resumo, podemos falar dun teatro didáctico, ás veces pouco verosímil e



demasiado literaturizado, e que supón un avance do movemento dramatúrxico en posteriores xeracións.

O poeta sadense tamén escribiu libros en prosa máis xa do estilo dunha novela ou dun conto. Os que máis destacaron foron:

- Co pseudónimo "Asieumedre" recompilou unha serie de narracións breves recollidas baixo o título de *Contos de Asieumedre* (1909), de fin didáctico e carácter popular.
- *A carón do lar* (1970), póstumo á súa mortaxe, recolle unha ampla variedade de contos, moitos deles con trazos da comedia.

No ámbito do ensaio lingüístico e literario, cómpre salientar: o discurso titulado "Eduardo Pondal. Discurso de ingreso no Seminario de Estudos Galegos, de Santiago, o 20 de novembro de 1923"; *Queixumes dos pinos y Poesías inéditas de Eduardo Pondal* (1935) e mais a súa *Gramática do idioma galego* (1922), que é a primeira gramática escrita da nosa lingua.

Como se pode observar, a produción do escritor coruñés é tremendamente extensa e variada e en toda ela móstrárenos a un home entregado á súa terra (Galicia), preocupado pola defensa do galego e por crear unha literatura e un teatro propio, que amaba a súa cultura e que se sentía moi orgulloso e ledo de ser galego, como nos debemos sentir todos.

Os últimos anos da súa vida pasounos na súa casa en San Andrés (A Coruña), onde viviu os terribles e nefastos anos da guerra afectado por graves problemas de saúde. Finalmente, o 15 de febreiro de 1940, Manuel Lugrís Freire claudica á idade de setenta e sete anos. E, con el, foise unha das máis grandes figuras galegas da nosa literatura.

#### **BIBLIOGRAFÍA:**

- RABUÑAL, Henrique, *Manuel Lugrís Freire, A Nosa Terra*, 2006.
- Múltiples autores, *Diccionario da Literatura Galega I. Autores*, Vigo, Galaxia, 1995.

## O DÍA DA PAZ

Alumnos de 5º de Educación Primaria

Cada 30 de xaneiro celebramos o día da Paz e neste ano compuxemos estes poemas para lembrar a importancia que ten para todos nós.

*Para que non maten máis  
mulleres,  
para que acabe o maltrato,  
para que baxa igualdade  
entre o xénero humano.*

*Para que esteamos unidos,  
para que baxa felicidade,  
para que non baxa envexa  
para que exista amizade.*

*Os de quinto manifestámonos  
pola paz e non violencia  
polo respecto e a tolerancia  
e pola toma de conciencia.*

*Para que se acaben as guerras  
para que non baxa pelexas,  
para que vivamos felices,  
para que a xente estea máis leda.*

*Pola paz entre os pobos  
pola paz entre as nacións  
pola paz entre as familias  
pola paz e polo amor.*

*Para que baxa traballo  
e non baxa discriminación  
para que nos axudemos,  
e predomine a comprensión.*

*Para que baxa xustiza  
para que non baxa egoísmo  
para que acabe o acoso escolar  
e aumente o compañeirismo.*

*Pola paz e a convivencia,  
pola paz entre cidadáns,  
pola paz nos matrimonios,  
pola paz entre os irmáns.*

*Estamos en contra do terrorismo  
e tamén contra o racismo,  
queremos que triunfe a paz  
e entre todos ser amigos.*

*Pola paz entre os nenos e nenas,  
pola paz entre mulleres e homes,  
pola paz entre os veciños  
pola paz e pan para os pobres.*

### Sabías que ...

Alum@s de 5º e 6º do CEIP de Lousada

Se puidésemos voar nun avión moderno ao Sol, tardaríamos 19 anos aproximadamente en chegar.

Se o Sol fose grande como un balón de fútbol, a Terra sería como un chikarro.

Hai millóns de anos, o deserto do Sáhara era un terreo fértil con ríos e bosques.

As árbores son os pulmóns da Terra. Absorven dióxido de carbono e desprenden osíxeno

Xirando arredor da Terra hai toneladas de lixo espacial: satélites que non serven, pezas de motores, mesmo un disparafusador que se lle perdeu a un astronauta.

As montañas altas son aínda novas, e seguen medrando. As montañas vellas están desgastadas pola chuvia, o vento e o xeo.

Na lúa, polo día pódense alcanzar os 100 °C e de noite pódese chegar aos 160°C

Na capa alta da atmosfera hai un gas que se chama ozono que nos protexe dos raios ultravioleta do Sol e que a contaminación está destruíndo.

Comer e beber no espazo resulta un tanto difícil porque non actúa a forza da gravidade

A delgada cortiza terrestre flota sobre o manto. Deste xeito, os continentes móvense na chamada deriva continental.

Na antigüidade a xente pensaba que a Terra era o centro do universo, ata que Nicolás Copérnico (1473-1543) dixo que non, que a Terra e os planetas xiraban arredor do Sol

As cataratas máis altas do mundo son as do Angel onde a auga cae dunha altura de 979 metros.

O punto máis profundo do mar é a chamada fosa das Marianas que está no océano Pacífico e ten 11.000 metros de profundidade.

Os glaciares son ríos de xeo. O glaciar máis grande do mundo é o de Lambert (Antártida) e o máis rápido está en Groenlandia que se move a unha velocidade de 24 metros ao día.

O petróleo orixínouse pola descomposición dos restos de animais e algas microscópicas acumuladas no fondo de lagoas, mares e ríos hai millóns de anos. Esta materia orgánica foise cubrindo paulatinamente con capas de sedimentos. O tempo transformounas lentamente no que coñecemos como petróleo cru.


O carbón orixínouse a partir de plantas mortas hai millóns de anos que se acumularon e se descompuxeron por acción dos fungos e das bacterias.

De máis a menos antigos, os tipos de carbón son: antracita, hulha, lignito e turba

## O TABACO TAMÉN NOS INSPIRA

Participantes en *Clases sen fume*

Dentro das actividades do programa *Clases sen fume* escribimos estas poesías para lembrar o nocivo que pode ser ese vicio.



A herba é comida pola vaca  
esta é comida polo home,  
aparentemente este é o último da  
pirámide,  
pero queda outro depredador peor,  
o depredador silencioso,  
o depredador escuro,  
o depredador miserable,  
o depredador ruín,  
o máis intelixente,  
pese a iso  
é o máis fácil  
de derrotar.

José Manuel Penín

O tabaco é un vicio  
e tamén un desperdicio.  
Dana o teu interior  
e ademais o teu exterior.

Os que están ao teu arredor  
sofren moita dor.  
Provoca enfermidades  
que son barbaridades.

A xente non o pensa  
e fuma sen conciencia,  
move moito diñeiro  
e fabricano sen freo.  
Se queres facerte o maior  
busca algo mellor.  
Este non é o mellor camiño.

Ten algo de sentido.  
Nas túas mans está deixalo,  
ou NON empezalo.

Laura Rodríguez Fernández

Deixa de fumar  
e a vida cño agradecerá;  
deixa de fumar  
e a vida será  
sen fumes, sen malestar.


Cando estás fumando  
estaste matando  
con toda a nicotina  
que contén esa porquería.


En vez de fumar  
chupa un caramelo  
e así mellorarás  
o teu cheiroso alento.

Para que queres o tabaco,  
se hai algo mellor!  
A vida e o amor  
que teñen os do teu arredor.

E estando traballando  
non se che acordará o tabaco,  
as horas pasarán  
e terminarás por deixalo.

Eva M<sup>a</sup> Redondo





Por que fumas..?  
Porque te fai maior...

Por que non saltas, que  
é moito mellor?

Se só fumas,  
para facerte maior;  
chupa un caramelo,  
que che vai moito mellor.

Chupa o caramelo,  
deixa de fumar;  
pero ten coidado,  
é malo de deixar.

Xa moita xente  
morreu pola súa causa  
ti non comeces,  
fai unha pausa.

Por que fumar... ?  
Se é malo de deixar,  
mellor non comezar,  
deixao marchar.

Se morres é pola túa causa  
se vives,  
é pola túa pausa.

Non fumes, non fumes,  
deixa de fumar;  
non comeces agora,  
é moi malo de deixar.

Ábrele as portas á túa vida  
deixa a morte atrás;  
non fumes e  
a idea de morrer atrasarás.

Marta Castro Díaz

Tabaco que nos matas,  
tabaco que nos atas  
ao vicio de fumar  
sen poder parar.


Todos os nosos aforros  
van ben estragados  
nese vicio pernicioso.

Tabaco que prexudicas  
non só a nosoutros  
senón tamén aos que nos rodean  
privándonos de respirar.

É mellor non engancharse  
a este vicio maligno  
porque che leva malas novas  
para o teu corpo.

Polos que te rodean,  
pola túa saúde.  
Non te queimes!  
Non molestes!  
Non contamines!  
NON FUMES!

Rubén Serén Rodríguez



## OS COCHES E A CONTAMINACIÓN

Diego Castro, Víctor Fernández, Andoni Garea e Óscar Varela de 4ºA de E.S.O.

**Un dos problemas globais que se lle presentan á humanidade no presente século é o quentamento da atmosfera e o conseguinte cambio climático.**

Un dos responsables deste quentamento é o CO<sub>2</sub> procedente da combustión do carbón e do petróleo. Nas sociedades industrializadas, unha das fontes deste gas é o transporte privado. Debido ao aumento do poder adquisitivo, moitas veces hai tendencia a adquirir vehículos moi potentes sen ter moito en conta o consumo de combustible e/ou as emisións deste gas.

Os alumnos de 4º de E.S.O. recolleimos datos de potencia, consumo de combustible e emisións de CO<sub>2</sub> aportados por diferentes marcas de vehículos, representando os resultados nas seguintes gráficas.

Só un dos datos corresponde a un vehículo diesel (aparece marcado en vermello), os demais son de gasolina. Como pode observarse, ata unha potencia



igual ou inferior aos 90 cv o consumo mantense próximo aos 6L/100km. Nalgúns casos o consumo pode ser superior ao esperado en función da potencia. Por riba dos 190 cv o consumo dispárase ata máis de 12 L/100km.

No que respecta ás emisións de CO<sub>2</sub> seguen un patrón semellante, manténdose por baixo dos 150g/km e elevándose moito cando a potencia é superior aos 90cv, chegando a 300g/km para unha potencia de 230cv.

De todo isto debemos deducir que o coidado do planeta é cousa de todos e todos podemos aportar como mínimo un consumo responsable dos recursos.

Non esquezas a regra das tres erres: **reducir, reciclar, reutilizar.**

Potencia cv	Consumo l/km	Emisións de CO <sub>2</sub> g/km
60cv	6	81
60cv	6,2	148
75cv	6,4	156
75cv	6,5	156
75cv	6,8	155
90cv	4,8	127
90cv	6,3	151
95cv	7,5	131
96cv	9,4	193
98cv	6,8	161
100cv	6,7	180
102cv	7,6	182
103cv	8,6	205
110cv	7,2	175
115cv	7,4	172
115cv	8	182
122cv	7,6	182
150cv	8,1	194
192cv	8,4	273
231cv	12,9	307



## RECOMENDACIÓNS CULTURAIS

Nesta sección ides atopar suxestións sobre libros, revistas, xogos... que nos gustaron e que queredamos compartir co resto de compañeiros do centro. Agardamos que vos sirvan de algo as nosas orientacións.

### XOGO PARA PC OU CONSOLA:

#### Crazy Taxi 3

É un xogo baseado na vida que leva un taxista dentro do seu coche pola cidade.

O xogo consiste en gañar moito diñeiro recollendo aos clientes e chegando canto antes ao lugar requerido por este.

Ademais ten algúns trucos como tubos para chegar antes aos lugares.

Julio J. Meilán (3ºB)

### XOGO PARA PC OU CONSOLA: Los Sims

Trátase dun xogo social no que unha familia loita polo día a día. O xogador pode ir metendo aos personaxes nunha vida nova, con novos costumes, formas de vivir...

Vanessa Rodríguez Castro (4ºB)

### REVISTA: Muy Interesante




Esta revista fala de todo un pouco: bioloxía, antropoloxía, cultura, etc. Contén moitos temas de actualidade polo que a súa lectura é moi entretida.

Ademais pódese atopar na biblioteca do colexio.

Rubén Arias Regueiro (4ºB)

### LIBRO: ROWLING, J.K.: *Harry Potter y el misterio del príncipe*.

Salamandra. 2006.



Trátase doutro libro da serie Harry Potter, no que o mago protagonista ten que se enfrontar a Lord Voldermort e empieza a prepararse para esta batalla.

A min gústame porque é un libro moi interesante e de moita acción.

Sandra Reigosa López (3ºA)

### LIBRO: Lola GÁNDARA:

*Guárdate de los idus*. SM. 1995.



*Guárdate de los idus* é un libro que está situado na época do imperio romano. Aprendes moito sobre esta época, as clases sociais... Ao mesmo tempo trátase dunha novela moi entretida.

Recomendaríallela aos alumnos da E.S.O.

Lucía Vivero Ferreirúa (3ºB)

## OS INCENDIOS FORESTAIS NO CONCELLO DE GUNTÍN

Silvia Rodríguez, Ana Pacheco, Yolanda Lamagrande e Vanesa Rodríguez de 4º de E.S.O.


**Todos sabemos da importancia e destrución que ocasionan os incendios forestais que son unha realidade demasiado frecuente no noso contorno. As autoras do artigo analizan aspectos moi interesantes dos mesmos.**

Ao longo da historia da humanidade o lume foi un instrumento usado para facilitar o acceso a novas terras de cultivo ou a pastos para o gando. Esta técnica de queimas controladas tamén se realizou tradicionalmente en Galicia. Porén, o lume ten uns efectos negativos que rara vez son avaliados polos gandeiros ou agricultores. Entre estes efectos pódense destacar:

- Destrúe ecosistemas e altera os hábitat das distintas especies animais e vexetais.
- Contribúe á contaminación atmosférica incorporando CO<sub>2</sub> e cinzas.

- Os solos, especialmente aqueles con pendente, ao ser desprovistos da vexetación, vense afectados polas chuvias e son arrastrados cara os ríos, co cal se perde superficie útil para o crecemento vexetal.
- Altérase a paisaxe, xa que o aspecto dunha zona queimada é desolador.
- Tanto os solos como as fragas requiren centos ou miles de anos para rexenerarse totalmente.
- A vexetación fixa CO<sub>2</sub> atmosférico e libera osíxeno que necesitamos para respirar.
- Moitas veces os lumes poñen en perigo os bens e as vidas humanas.

Ha. Queimadas



As causas polas que existen incendios na actualidade son variadas e complexas:

- Desexo de obter madeira a baixo prezo.
- Acceder a terreos que poidan ser edificables.
- Obtención de zonas de pastos.
- Vinganzas.
- Condutas pirómanas.
- Descoidos.
- Proliferación de especies pirófitas, é dicir, que arden e propagan o lume con facilidade, como é o caso do piñeiro e do eucalipto.
- En ocasións son de orixe natural (caída de lostregos...)

Sexa cal sexa a causa o que parece claro é que na inmensa maioría dos casos a man do home está presente na orixe do lume.

Para ter unha visión deste problema no noso concello, recollemos datos facilitados polos axentes forestais da zona sobre os lumes rexistrados entre os meses de marzo e setembro de 2005. Algúns deses datos quedan representados nas seguintes gráficas.



Pode observarse que, curiosamente, non son os meses de verán os máis afectados senón o mes de marzo, aínda que este mes non se caracteriza na nosa zona por unha sequía extrema nin por altas temperaturas.

A vexetación máis afectada é a matogueira, con 13 hectáreas, mentres que a superficie arborada afectada foi de 5 hectáreas.

A maioría dos incendios dura entre unha e dúas horas. Dos 26 rexistrados só dous duran máis de catro horas e tres menos duna hora.

As parroquias máis afectadas foron as de Vilamaior de Negral e Entrambasaugas.

Sen dúbida, o máis rechamante destes datos, e o que proba a intencionalidades dos lumes, é a hora de comezo. Como pode observarse, entre as 20 horas e as 2 da madrugada prodúcese 17 lumes o cal é claramente nocturnidade e aleivosía, ademais de ganas de dificultar os traballos dos equipos de extinción.



## UNHA HISTORIA DE AVENTURAS

Laura López López - 5º Ed. Primaria

**Unha compañeira nosa do colexio escribiu un día este relato que como o seu propio título indica, é de aventuras e que de seguro vos vai encantar.**

Había unha vez un espía chamado Diego. Vivía nunha cidade de América. Tiña unha muller e dous fillos. Sempre que tiña que investigar algo ou ir traballar ía acompañado do seu can espía Ten.

Un día cando foi traballar encargáronlle unha misión moi importante. Consistía en ir a unha cova do norte da selva do Amazonas, porque se pensaba que alí había uns malos que tiñan un plan para acabar co mundo.

Encargáronlle a el o traballo porque, a parte de ser o mellor espía da zona, era o único en aceptar a misión. Tiña que ir alí investigar como querían acabar co mundo e, se podía, impedilo. Dixéronlle que podía ir acompañado doutro axente. O axente que el escolleu foi o seu can Ten.

Cando chegou á casa contoullo á muller e aos fillos. Preparou unha mochila na que meteu roupa, cepillo de dentes e cartos. Foi á oficina onde traballaba e déronlle o necesario: dous reloxos, un que tiña hora, compás e raio láser que cortaba paredes, portas... O outro que era coma unha enciclopedia dos animais da selva, que se utilizaba sacando fotos cunhas lentes (outro obxecto necesario) e, conectando as lentes cos reloxos, por medio dun botón dáballe toda a información que necesitaba; as lentes, que sacan fotos e permiten ver na escuridade e detectan aos humanos; un cinto con sitio para un coitelo e unha botella de auga e, por último, déronlle un traxe voador con carga de cinco horas.

Antes de marchar avisárono de que o avión que ía coller aterraba en Caracas, e que de Caracas á selva tiña que ir no traxe voador; nel tamén lle fixeran sitio para levar a Ten.

Foi á súa casa para despedirse da muller e dos fillos. Colleu o voo das seis da tarde. A viaxe fíxoselle curtísima porque foi durmindo. Ao aterrar o avión, colleu a súa mochila e foi buscar a Ten na zona dos animais.

Colleron un bus que os levou a un hotel de Caracas. Pasaron alí a noite. Á mañá ao espertar erguéronse, almorzaron e Diego puxo o cinto (no que meteu a auga e o coitelo), as lentes, os reloxos e o traxe voador.

Ao saír fóra meteu no traxe a Ten e empezaron a voar. Pasado un tempo voando, de súpeto caeron no medio da selva. Decatouse de que ao traxe se lle acabara a batería. Diego sacou o coitelo e cortou as pólas que non lles deixaban continuar.

Pola tarde descansaron e comeron parte das provisións. Despois seguiron caminando e Ten despistouse e perdeuse. Xa levaban moito tempo andando cando Ten se perdera. Diego sentou de novo a descansar e a esperar a que Ten volvese. Segundo sentou unha serpe verde picouno nunha perna. Coas súas últimas forzas sacoulle unha foto e pasouna ao reloxo. O reloxo informouno de que a súa picadura só se podía curar co lambido do can.

“Que pena!. Xusto cando non está Ten, só el me pode salvar a vida”. Pensaba Diego.

Cerrábenselle os ollos e pensaba que ía morrer por culpa daquela serpe.

Ao cabo duns minutos espertou. Alí estaba Ten lambéndolle a picadura. Diego púxose moi contento de ter un can tan listo, que despois de perderse volve atopar o



camiño e salvarlle a vida. Levantouse, deulle moitos agarimos e seguiron o camiño.

Ao anoitecer localizaron a cova e entraron nela amodo. Era pequena, nela había tres máquinas, cinco persoas e un calabozo no que se vía todo. Escondéronse detrás duns mobles, Ten meteuse detrás da máquina máis pequena. Diego oíu o que os dous xefes falaban entre risas:

- Ha, ha, ha. Estas máquinas mandan un raio láser ao ceo e fan que as nubes tapen para sempre o sol. ha, ha, ha; cando mandemos os raios láser xa non haberá volta atrás, ha, ha, ha.

-¿Cando será iso?- pregunta o outro.

- Dentro de media hora contesta.

Segundo acabaron de falar, os dous homes viron a Diego, collérono e levárono ao calabozo. Diego con voz baixiña chamou a Ten e díxolle:

- Ten, o plan é o seguinte, ti dálle ao botón de cada máquina que pon "destruír"; faino rápido para que non te vexan. Logo co ruído das máquinas ao romper, eu vou aproveitar para saír de aquí; e se non saio, ti escapa. Se saio, corre cara á saída, alí estarei eu.

Ten asentiu. Foi agachado e achegouse a unha máquina. Nese momento Diego preparou o reloxo do raio láser. Segundo Ten lle deu a un botón, Diego abriu as reixas co raio láser. Ten seguía dándolles aos botóns mentres que Diego ía correndo cara á saída. Cando acabou de pulsar todos os botóns reuniuse con Diego na saída. Xuntos cerraron a porta e deixaron pechados aos malos dentro. Como todo foi tan rápido os malos non puideron reaccionar. Diego chamou á policía. Non tardaron en chegar e levaron aos malos ao cárcere.

Diego e Ten colleron o avión e regresaron sans e salvos á súa casa.

## COPLAS DO ENTROIDO

Equipo de Normalización Lingüística

Cada entroido é unha boa ocasión para que o pasemos ben con bromas, disfraces e, como non, facendo coplas para cantar por todo o pobo. Aquí tedes unha mostra.




Aquí estou eu, O Entroido  
Acabadiño de nacer,  
Que guapiño e que feituco  
Non sei se son home ou muller.

Aquí subido nun palco  
Ben parezo un presidente,  
Mirando para todos  
Para recibir ben á xente.

Mirade que guapo estou  
Que non me falta detalle;  
Nin que me puxesen traxe  
Estaría máis elegante.

Ai que contento me sinto!  
No colexio de Guntín!  
Habédesme tratar ben  
E ímonos divertir.

Temos que pasalo ben  
E sen facer falcatruadas,  
Non sexa que por culpa miña  
Teñades que oír ranfuñadas.



Neste tempo, amigos meus,  
Troula non ha de faltar  
Nin tampouco un bo cocido  
Na cea ou no xantar.

Xa sexa nas nosas casas  
Ou no comedor escolar,  
As orellas e as rosquiñas  
Para todos han chegar.

Cando chegue o vinte e catro  
No CPI Tino Grandío  
Eu non sei que pasará  
Pero pode haber grande lío.

Queimarédesme? ou non?  
Arderei? non arderei?  
Todo depende de vós.  
Merecerei o perdón.


6º Educación Primaria

## SEÑOR BURLÓN

Os de primeiro da ESO  
Andaban moi preocupados,  
Escapoulles o "Burlón"  
Que gardaban no armario.

Buscaron e rebuscaron  
E cando ían xantar,  
Ao "Burlón" sentado atoparon,  
Non paraba de mandar!

Que se zapatos ou gravatas,  
Cara pintada ou non sei que máis;  
Uns e outros obedecendo,  
Cada día sen rechistar.



Para a semana empezar  
E no cole non "desentonar"  
Sigue as miñas consignas  
Que cada día atoparás.

E se ademais te atreves  
A unha copla artellar  
podes deixarma preto  
que con gusto cha hei cantar.

E se pensas que non son  
Tan BURLÓN como alguén di,  
Faimo constar por escrito  
Para librarme do lume maldito.

Aisentado observando  
Toda a semana estará,  
Ríndose de todos nós  
O venres ao lume irá!

Non podemos perdoarlle  
Tantos males que nos fixo,  
Suspendernos nos exames  
Mira ti, falou o listo!

E por se fora pouco, os suspensos,  
Tamén se encargou de armar,  
Os castigos sen recreo,  
Non llos imos perdoar!

Así que "Burlón"  
Ao lume irás,  
Queiras ou non,  
Nel arderás!

Agás que a ti  
Nesta ocasión,  
alguén che perdoe  
pero nós non!!

Eu son BURLÓN  
Parezo un pasmón,  
Pero anda con coidado  
Que as fago de contado.

Eu son BURLÓN  
O Entroido de Guntín,  
Parezo moi formal  
Pero son un lampantín.

Pois neste Centro tamén hai  
Xente que me comprende,  
Agardo que as miñas bromas  
Nin a alumnos nin profes ofendan.

E xa que é tempo de Entroido  
A gozar e estudar,  
Comportarse como é mandado  
Que o recreo non quero amolalo.



ENTROIDO 2006



## CARTEIS SOBRE O ENTROIDO

Lucía Basadre, Jesús Corredoira e M<sup>a</sup> Jesús López, 1º de E.S.O.

Os alumnos de 1º de E.S.O. utilizaron o pretexto do entroido para traballar o concepto de cartel. Despois de ver os resultados está claro que comprenderon ben a lección.



O cartel é unha lámina que pode ser de papel ou doutros materiais no que se escriben textos dando información sobre algo (publicidade, reunións, actos, etc.) acompañando case sempre a un debuxo ou pintura relacionado co tema. Algunhas veces, se este texto é creativo e interesante, pódese prescindir da imaxe plástica. Estes textos case sempre (a maioría das veces) van a continuación dun slogan (que é o que lle poderíamos chamar "o título"). Nun cartel é moi importante a cor, para resaltar ou destacar ante o demais o seu contido. Os carteis colócanse nun sitio onde o poida ver o maior número de xente posible, ou simplemente a xente que o desexe.

Os alumnos de 1º de E.S.O. fixemos uns carteis onde, facendo combinacións entre cores cálidas e cores frías, debuxamos un boneco que representaba o entroido; logo pintamos ese boneco facendo harmonía entre cores cálidas e frías. Había varias combinacións, por exemplo: o boneco coloreado con cores cálidas e o fondo con cores frías ou todo de cores cálidas. Estes carteis fixémoslos na clase de educación plástica coa idea de ter unha representación do entroido, xa que os fixemos por estas datas.

### CHULETAS

Lucía Vivero Ferreirúa de 3ºB de E.S.O.

**Nos meses de febreiro e marzo un grupo de alumnos de 3º de E.S.O. tivemos a oportunidade de realizar a rodaxe dunha curtametraxe no noso centro e despois de acudir aos estudos da Fundación TIC en Lugo. Alí gravamos un programa de televisión e coñecemos por dentro o mundo da radio.**

O C.P.I. Tino Grandío de Guntín foi seleccionado con outros nove centros da provincia para a gravación dunha curtametraxe co título de *Chuletas*.


O seu argumento é simple. O protagonista é un rapaz moi chulo que trata moi mal aos seus amigos. O día do exame de historia decide facer chuletas pero a profesora píllao o quítallas. Cando as leva cáelle unha aos pés doutro alumno e, ao vela,ponse a copiar coma un descosido.

Esta historia pode parecer sinxela, pero os alumnos de 3º de E.S.O. tivemos que traballar moi duramente para que o proxecto saíra adiante.

Para levalo a cabo impartíronnos dúas semanas de clases teóricas os luns, mércores e venres sobre os aspectos básicos da rodaxe. Cando estivemos ben preparados puxémonos en acción.

Todos tivemos unha misión e os nosos cargos eran os seguintes:

1. Equipo de produción:
  - Xefe de produción: Luí Vázquez Arias
  - Axudantes de produción: Tamara García Valín e Beatriz Gandoy Liz
  - Atrezzo: Beatriz López Galán
  - Xefa de prensa: Lucía Vivero Ferreirúa
2. Equipo de dirección:
  - Directora: Carmen Vilar Arias
  - Axudante de dirección: Alejandro Núñez Varela
  - Guión: Eva Vázquez Vilela
3. Equipo de fotografía:
  - Directora de fotografía: Ana Taboada Varela
  - Cámara: M<sup>a</sup> José Vázquez López
  - Axudante de cámara: Raquel Buján Gandoy
  - Electricidade: María Vázquez González e Marly Pereira do Paço"
  - *Making of*: Simón Seijas Rodríguez




4. Directora artística: Tamara Ares Díaz
5. Equipo de son:
  - Sonidista: Yolanda Vázquez Vázquez
  - Axudante de son: Alba Sufuentes Vázquez
6. Directora de *casting*: Sandra Reigosa López

Cada un adaptouse moi ben ao seu traballo, e isto provocou que a gravación levase menos tempo do que se pensaba. Isto foi grazas a que tanto os actores coma os que estaban detrás da cámara foron moi profesionais, a pesar da inexistente experiencia que os acompañaba. Na gravación houbo moi bo humor, sempre sen pasarse do límite. A curtametraxe será emitida na Televisión de Lugo dentro dunha serie de programas chamados *Lugo en acción* o 5 de abril.

Ao día seguinte almorzamos cansos porque ía moita calor na residencia Río Miño, onde pernoctamos. Ademais ao estar en grupo non puidemos durmir moito. O xoves ás 10 da mañá fomos ao local da Fundación TIC, onde un técnico nos explicou o funcionamento do medio televisivo e da radio desde a perspectiva técnica: como facer montaxes, a forma de gravación na radio... Algúns practicamos como se fomos locutores e outros como técnicos.

Despois de traballar toda a mañá regresamos ao colexio a carón do mediodía, con moita fame e pouca gana de clase.

En conxunto pasámolo moi ben e moitos din que de boa gana repetirían a experiencia.




## OUTROS CAMIÑOS DO SABER

Pilar Quiroga Fernández

**Seguimos compaxinando as horas lectivas con todas as actividades culturais que a través de distintos organismos se nos ofertan, así como as programadas polo profesorado do centro. Ao longo do curso tivemos ocasión de gozar dun variado e extenso programa, do que imos dar fe citando algúns momentos..**

Con motivo da Exposición Universal de dinosauros celebrada na Coruña, os alumnos e profesores aproveitamos unha xornada escolar completa para deleitarnos coa presenza deses bechos xigantes e as proxeccións que nos tiñan preparadas. Ademais visitamos a Casa das Ciencias, o Planetario e o Aquarium Finisterrae, gozando cada momento das respectivas visitas.



Xa que fomos seleccionados polo proxecto enviado, desde o programa Voz Natura tiveron a xentileza de invitarnos gratuitamente a visitar unha Aula da Natureza. Tocounos ir a Os Trollos, en Bóveda; alá fomos con alumnos do 1º Ciclo de E.S.O. Foi unha experiencia extraordinaria; o programa estaba tan ben elaborado que o tempo cronolóxico pasou sen decatarnos, e a visita ao contorno tivemos que delimitala.

Os alumnos de Educación Infantil e Primaria desprazáronse ata a Facultade de

Veterinaria para tomar parte nun programa de presentación da revista Plis-Plas convocada pola Consellería de Medio Ambiente.




Alumnos do último curso de E.S.O. elaboraron un tríptico en inglés para espallar a beleza e posibilidades turísticas que ofrece o noso concello; a corporación municipal acordou financiarlles unha visita polo mesmo en sinal de agradecemento polo seu distinguido traballo.



Como non podía ser menos, os rapaces de E.I. e E.P. amosaron a súa visión futurista e non quixeron perder a exposición Vivir no espazo, que presentaba traxes espaciais, comidas, elementos imprescindibles, e maneiras de facilitar as necesidades fisiolóxicas dos humanos no espazo. Impactoulles moito ter tan preto deles os traxes empregados por Pedro Duque nos seus desprazamentos ao espazo.

Polo Nadal, os corredores e aulas vístense dun xeito especial, pero a entrada a esta zona do colexio invita a facerlle unha visita para contemplar o Belén, que certos



profesores e outros compañeiros, desinteresadamente, teñen a xentileza de instalar, agregando cada ano algún detalle que o fai novidoso.

No contorno escolar, organizáronse outras actividades como o magosto, a

celebración do Día da Paz, o festival de Nadal e o desfile de comparsas, que percorreu as rúas próximas ao centro.

Todo isto supón un esforzo engadido ao noso labor educativo; pero supón distensión e complemento na programación.

Celebráronse xornadas de animación á lectura dirixidas a todos os niveis educativos, que lograron enganchar a máis dun alumno. Outros talleres que seguen a ter moi boa acollida son os ofertados por Cruz Vermella sobre temas de saúde e medio ambiente.

Un ano máis estamos traballando nun proxecto de Voz Natura, que intenta implicar e concienciar a toda comunidade educativa na prevención dos incendios forestais así como o respecto ao medio ambiente.

A Biblioteca do centro está a ser un dos lugares máis acolledores das intalacións deste colexio; está aberta e atendida por mestres nas horas non lectivas e ten moito éxito tanto como sala de lectura, consulta de datos e servizo de préstamo como lugar de uso dos ordenadores alí instalados.

A Deputación Provincial segue subvencionando as actividades deportivas e talleres que se desenvolven nas horas de lecer, xunto coa fundación Breogán.


A Consellería de Xuventude e Familia en colaboración co Concello organizan o Deporte Escolar, no que tamén participamos e ben bos resultados imos acadando.

Todo o exposto levouse ou estase levando a cabo coa extraordinaria colaboración de todos vós. Dende o Equipo de actividades Complementarias e extraescolares felicitámosvos, e pedimos a vosa colaboración para seguir planificando actividades que ademais de aprender e pasalo ben vos axuden a ser homes e mulleres de proveito.

## DANIEL SPENCELEY

Alumnos de 4º A de E.S.O. e Departamento de inglés

**Despois de levar todo este curso entre nós estamos xa afeitos a velo polos corredores e aulas do noso centro. Imos ver cal foi o seu traballo e, para que practiqueades o voso inglés, os alumnos de 4ºA fixéronlle unha entrevista para coñecelo un pouquiño mellor.**



Daniel, o noso auxiliar de conversación en inglés, tamén chamado lector, leva xa todo o que vai de curso connosco. Levabamos anos solicitando a presenza dun lector entre nós para potenciar a ensinanza da lingua inglesa coa diferente perspectiva dunha persoa nativa, e por fin tivemos a sorte de que nos fose concedido un para este curso 2005-06.

Participa nas actividades que se realizan en todos os niveis de Educación Primaria e E.S.O., con especial énfase nos grupos da Sección Europea. A través del pretendemos conseguir que os nosos alumnos teñan un modelo nativo de pronunciación, máis oportunidades para a comunicación oral e unha maior motivación para o estudo do inglés. Tamén pretendemos que o noso alumnado entre en contacto cunha cultura, costumes, tradición, etc. distintos e que deste contacto xurda unha crítica construtiva cara a

estas diferenzas.

Para conseguir todos estes propósitos levamos todo o curso realizando multitude de actividades que potencien a mellora lingüística e o contraste entre culturas. En Primaria realizáronse multitude de xogos, actividades comunicativas variadas, lecturas, etc.

Nos niveis da E.S.O. houbo actividades de lectura e análise da prensa británica, a través de xornais e revistas variados aportados por Daniel, preparación e degustación (aínda que chegou a pouco) dun típico té inglés da tarde, comentario sobre tradicións do Nadal e outras típicas festas estacionais, elaboración de receitas de cociña (sen a parte práctica), de traballos sobre varios países, personaxes famosos... Tamén escenificamos periodicamente diálogos en diferentes situacións: preguntar direccións, mercar roupa, comida...

Tendo en conta que é moi probable que en próximos cursos non contemos con esta axuda, estamos intentando aproveitar ao máximo as ocasións nas que poidamos obter



beneficios da súa presenza. Mesmo na elaboración de traballos escritos intentamos que



lles dese unha supervisión final de estilo que só unha persoa nativa podería conseguir. Algúns destes traballos podémolos ver aínda no corredor do primeiro piso de Secundaria.

E esperamos que no que resta da súa estadia ata final de curso aínda nos axude máis tanto a aprender inglés como a coñecer a cultura británica. Tamén nós intentaremos que aprenda, tanto do noso idioma coma da nosa cultura. Desafortunadamente o primeiro que foi aprendendo é o malo e chuvioso que pode ser o tempo aquí, especialmente cando se quere viaxar ou cando vén a familia de visita.

## ENTREVISTA

**Why have you come to our school in Guntín?**

I came to Guntín to be a teaching assistant and to improve my Spanish. I really didn't get a choice. The British Council decides where you go.

**What do you like best and worst in our school?**

I like the students. The worst thing is teaching. I don't think I am good at teaching.

**What are the most important differences between Spain and England?**

Probably the different hours: times to eat and going out are brutal... The food is very different. And the language, of course.

**Is it very difficult to be far from your friends and family?**

Yes, it is now because there are only two months left. I miss my family and friends a lot. I'm feeling homesick.

**What do you think about the Spanish people?**

Most Spanish people are really good and nice. Some are rather rude.

**What do you do in your free time in Lugo?**

Not much. I sometimes go to the gym, go out, go for meals or go shopping in As Termas.

**Have you made any many friends here?**

Yes, lots of friends. Some Spanish, some English.

**Do you like football?**


Yes, I do.

**What's your favourite English football team? And Spanish?**

In England Leeds United; in Spain F.C. Barcelona.

**Do you like music?**

Yes, I do. Very much.



**What type of music do you like listening to?**

I like a variety of music: indie music, like Oasis. I like hip-hop, some pop music, dance music...

**Do you like Spanish food?**

Yes, some.

**Is it very different from the English?**

Yes. In England we don't spend a lot of time cooking. In Spain everything is more fresh. I like tortilla, pulpo is OK. The paella is also OK.

**Do you watch Spanish TV programmes?**

Not, really. I watch Spanish films, but not really much TV. I see *Allá tú*, but I don't watch much TV, only some films.

**Do you like teaching?**

Not, really. With the really young kids, yes. They are cute. The Secondary students, they are cool but I don't think I'm teaching you anything.

**Do you think you'll become a teacher?**

Probably not.

**Do you speak any Galician? Can you say anything in Galician?**

Not very much. I can say a few things such as *Eu chámome Dani*.

**Is Spanish very difficult? What are the most difficult aspects for you?**

It's quite difficult. Anyway I think it is easier to learn than Japanese (everyone's laughing). The most difficult part are the tenses: subjunctive is a nightmare. Besides, in Galicia you don't use compound tenses.

**Have you got a girlfriend?**

At the moment no. Unfortunately no.

**What do you think of Spanish girls?**

They are good-looking. In my opinion Spanish girls are similar to English girls: as ugly and beautiful.

**What do you think about us?**

You are sound. You are very nice people and intelligent. I think you shall do fantastic in the future.

**Can you drive a car?**

Not yet. But I'm going to learn this summer.

**Do you think driving in Spain is more difficult than driving in England?**

For me it's going to be difficult anywhere.

**What type of car do you prefer?**


I don't know much about cars, because I don't drive and I'm not very interested.

**And do you like travelling by plane?**

Yeah, it's OK.

**And what about your future?**

I'll go back to University in September and do all my exams. Then, I'm going to work to earn money and hopefully travel around the world and find a job. I'd like to visit Germany, France, Spain again and Europe in general, India and South America.



## CONDU CIR POLA ESQUERDA

Susana Rodríguez Fernández de 4º A de E.S.O.

**Todos sabemos que no Reino Unido se conduce pola esquerda por todo tipo de estradas. Pero, como resolven certos problemas prácticos? Probablemente non seriamos capaces de imaxinalo.**

O normal é circular pola esquerda, por moi estraño que nos pareza. A razón é moi sinxela; se vas polo mundo a cabalo levas a espada á esquerda do cinto, o palafreireiro pon a cabalgadura nese lado do camiño para que montes, como tamén se desmonta da cadeira pola esquerda o máis lóxico é circular todo o tempo por ese mesmo lado.

En moitos lugares circúlase pola esquerda, non só no Reino Unido, tamén ocorre na India, Indonesia, Pakistán, Bangla Desh, Xapón, Tailandia, Sudáfrica, Tanzania, Kenia, Nepal, Uganda, Malasia, Sri Lanka, Australia, Mozambique ou Zimbabwe, estes só son os países con máis de dez millóns de habitantes. Na Unión Europea están Irlanda, Chipre e Malta. Curiosamente, en Xibraltar circúlase pola dereita desde 1929. En resumo, un terzo da poboación circula pola esquerda.

O sentido común dinos que non é desexable que os nosos visitantes ingleses, "cockneys", "geordies", escoceses, galeses, irlandeses, etcétera, conduzan automóbiles por aquí. Xa viron máis dunha vez circulando pola esquerda na autopista de ses Figueretes a varias persoas. A cousa resulta comprensible se se observa que a metade, máis ou menos, dos automóbiles que aparcan a cada lado da vía están ao revés.

Estas diferenzas teñen os seus efectos á hora de viaxar, non te atreves a alugar un coche porque ademais de descoñecer o lugar, o sentido de circulación...

Agora imaxina que vas conducindo por Gran Bretaña e vas asustado porque, a parte de conducir ao revés, cres que os ingleses están como cabras, fóra e dentro dun coche, e ademais a metade deles segue unha estricte dieta de cervexa todo o día. Vas tranquilamente, superando estes medos e, de súpeto, ves este sinal para o cal na autoescola non te prepararon...




Asústaste e reduces polo que poida pasar, tras unhas cantas iardas máis chegas a isto:



Hai unhas 3 ou 4 como esta en Gran Bretaña. Esta está en Swindon, entre Londres e Cardiff, cerca de Southampton.

### **A ROTONDA MÁXICA!!!! PARA MATARSE!!!!**



## FRASES E FALANTES

Alumnos de 3º B de E.S.O.

Todos temos as nosas frases feitas e os alumnos de 3ºB decidimos recoller algunhas de boca dos nosos profesores. Supoñemos que poderedes recoñecelos facilmente por

- Porque yo lo valgo. (Maite Asorey)
- Te callas? (Cruz López)
- Silencio Absoluto! (Manuel Ulloa)
- Quen trouxo o material? (Marta A. Fernández)
- Pero queréis callaros la boca? (Marta Rodríguez)
- Imos cambiar de método, a ver se así aprobades. (Carlos Vázquez)
- Valga la redundancia. (Mª José Pena)
- Ai sí? Eso está muy bien. (Doris Peiró)
- Aaa veer. (Ana Arias)
- Ola, bos días. (Manuel Ulloa)
- Candidatos para varrer o comedor? (Ana Arias)
- Quieres que nos quedemos en el recreo? (José Alfonso)

## A DINASTÍA DOS BORBÓNS

Diego Castro Díaz de 4ª de E.S.O.

A actual dinastía dos Borbóns é moi descoñecida para case todos. Velaquí tedes a súa historia e a árbore xenealóxica que chega ata o presente.



**Felipe V:** (1685-1746) Rei de España (1700-1746) por disposición testamentaria de Carlos II en 1700. Foi neto de María Teresa de Austria, irmá de Carlos II de España e de Luís XIV de Francia. Renunciou en 1724 a favor do seu fillo Luís I e pola morte deste tivo que encargarse novamente do goberno aos poucos meses.

Casou por primeira vez con Luísa de Savoia e por segunda con Isabel de Farnesio. Foi o primeiro soberano da casa de Borbón e tivo que soste a guerra de Sucesión (1710) contra o arquiduque de Austria. O primeiro ministro, Alberoni, quixo reparar, sen resultado, as consecuencias da paz de Utrecht (paz de Cambrai, 1720). Riperdá e Isabel de Farnesio continuaron cunha política semellante, co exclusivo obxecto de entronizar en Italia aos dous fillos de Isabel (Carlos e Felipe). Nos seus últimos anos tivo insignes ministros e conselleiros.


**Carlos III:** (1716-1788) Rei de 1731 a 1788, fillo de Felipe V e Isabel de Farnesio e medio irmán de Fernando VI, ao que sucedeu no trono. Anteriormente fora duque de Parma e Plasencia (1731-1735) e rei das dúas Sicilias (1734-1759). O seu goberno puxo fin á neutralidade política de Fernando VI e asinou con Francia o Terceiro Pacto de Familia (1761), co obxecto de contrarrestar a hexemonía marítima e colonial inglesa.

O resultado da contenda (a guerra dos Sete Anos) foi favorable a Inglaterra, que obtivo de España a anexión propicia para recuperar Florida e Menorca. A sublevación das 13 colonias norteamericanas ofreceulle ás potencias borbónicas a ocasión para recuperar Florida e Menorca. A política interna do seu reinado caracterizouse polo apoio prestado aos reformistas: Carlos III é o máximo representante do despotismo ilustrado no noso país. Creou a orde e rodeouse de excelentes ministros, destacando Esquilache, Grimaldi, Campomames, Floridablanca e Aranda. Carlos III impulsou a obra reformadora: protección da industria, liberdade de comercio con América, expulsión dos xesuítas, reforma da ensinanza, subordinación da



Igrexa ao poder do estado, construción de canais, camiños e pontes, creación da Sociedad Económica de Amigos del País...

**Carlos IV:** (1748-1819) Rei de 1788 a 1808, fillo e sucesor de Carlos III. Durante os 4 primeiros anos do seu reinado ostentou o cargo de primeiro ministro o Conde de Floridablanca, acérrimo inimigo dos principios revolucionarios franceses. En 1792 foi substituído polo Conde de Aranda, o cal á súa vez foi substituído por Godoy. España, despois de loitar contra a Francia revolucionaria, inclinouse ao Directorio e posteriormente converteuse en país satélite de



**Carlos IV:**

Napoleón, sendo derrotada en Trafalgar fronte á escuadra inglesa de Nelson, e permitindo, polo tratado de Fontaibleau, que as tropas francesas cruzaran libremente o seu territorio nacional, o que orixinou a agresión napoleónica. O motín de Aranjuez (1808) acabou coa privanza de Godoy e motivou a abdicación de Carlos IV no seu fillo Fernando VII. Pero Napoleón convocou aos Borbóns españois en Bayona co obxecto de esixirles a renuncia ao trono e substituílos polo seu irmán José. A gravidade de tales sucesos e o incremento da presenza militar francesa no territorio español precipitaron os acontecementos na guerra da Independencia.

**Fernando VII:** (1784-1833) Rei de España (1808; 1814-1833), fillo de Carlos IV. Empezou o seu reinado en 1808 por abdicación forzosa de seu pai. Durante a guerra da Independencia residiu en Bayona, e ao seu regreso en 1814, perseguíu aos liberais. Obligado en 1820 a xurar a Constitución, non cesou de conspirar contra a mesma, reclamando o auxilio de Francia, que en 1823 lle axudou a restablecer o absolutismo. A derogación da Lei Sálica que era necesaria para que puidese reinar a súa filla Isabel, foi a causa das guerras carlistas. A súa figura aparece como o final do Antigo Réxime.



**Alfonso XII:** (1857-1885) Rei de España (1875-1885). Fillo de Isabel II, recibiu de súa nai os dereitos á coroa española cando estaba no exilio debido á revolución de 1868. Volveu a España, grazas ao pronunciamento do xeneral

Martínez Campos en Sagunto. Durante o seu reinado destacou a figura de Antonio Cánovas del Castillo, que sentou as bases do sistema de turno entre o partido liberal e conservador. Anulou a Constitución de 1869 e substituíuna por outra máis conservadora (1876). Da súa segunda esposa, María Cristina de Austria, tivo postumamente o seu sucesor, Alfonso XIII.



**Alfonso XIII:** (1886-1941) Rei de España (1886-1931). Foi fillo póstumo de Alfonso XII e herdou inmediatamente a coroa ocupándose súa nai da Rexencia (1886-1902). Durante esta, desenvolveuse e perfeccionouse o sistema de turno dos partidos, pero o desastre colonial de 1898 espertou a conciencia a moitos españois e, en particular, á burguesía industrial catalá que vía perigar os seus intereses.




O atentado aos reis en Madrid tras a cerimonia nupcial (1906), a Semana Tráxica barcelonesa (1909), o asasinato de Canalejas (1912), a folga revolucionaria de 1917 e o asasinato de Dato (1921), marcaron un tráxico *crescendo* que culminou cos desastres de Annual e Monte Arruit en Marrocos (1921), o que deu paso á ditadura de Primo de Rivera, á que non puido nin quixo opoñerse o rei. Cando nas eleccións municipais de 1931 se coñeceu a preferencia republicana das grandes cidades, abandoou o poder. Ao producirse o Alzamento do exército de África, desde a súa residencia de Roma aprobouno plenamente. Morreu en Roma o 28 de febreiro de 1941.



**Juan Carlos I de Borbón y de Borbón:** (1838) Rei de España desde 1975. Naceu en Roma, fillo de Juan de Borbón de Battemberg e de María de las Mercedes de Borbón e Orleans. Está casado con Sofía de Grecia. En 1969 o xeneral Franco conferiulle o título de

príncipe de España e nomeouno sucesor de rei, nomeamento ratificado polas Cortes en xullo do mesmo ano. Debido á grave enfermidade de Franco, asumiu a xefatura de estado en xullo-agosto de 1974 e outubro-novembro de 1975. Morto o xeneral Franco, foi proclamado rei de España polas Cortes o 22 de novembro de 1975. Foi o primeiro rei que visitou o continente americano e distinguiuse pola apertura democrática levada a cabo por medio do xefe de goberno, Adolfo Suárez.



## O SUDOKU

Alumnos de Obradoiro de Matemáticas

**No Obradoiro de Matemáticas aprendemos a resolver Sudokus (Su = número; doku = único). Trátase dun pasatempo no que non hai que resolver operacións matemáticas, mais é un bo método para exercitar a lóxica, debido a que de cada xogo se desprenden gran variedade de situacións que podes resolver seguindo distintos pasos. Só fai falla un pouco de paciencia.**

Para resolver un Sudoku a norma é ben sinxela: trátase de escribir unha cifra do 1 ao 9 en cada oco do recadro 9x9, de maneira que en cada rea, columna e recadro de 3x3 só apareza unha vez. Algúns números xa veñen dados en certos ocios, e desa colocación depende a dificultade do pasatempo.

### Como facemos nós para resolvelo?

Pódese empezar a resolver por calquera recadro 3x3, rea ou columna, e non hai que seguir ningunha orde fixa. Nós observamos cal é a cifra máis repetida no cadro 9x9 e imos colocando en cada oco das reas, columnas e recadro 3x3 a mesma, **pero só onde hai unha opción posible**. O feito de colocar unha cifra pode darnos opción á colocación doutras que antes non podíamos. Seguimos con outras cifras ata completar. Nunca nos debemos fixar só nunha rea/columna/recadro 3x3, **hai que ter sempre unha visión global do cadro 9x9**.

Se nos aparece un oco con dúas ou máis opcións, escribimos nas esquinas as posibles cifras e, máis tarde, por exclusión, só nos vai quedar unha.

A mellor maneira de entender como se xoga é completando un. **ATRÉVETE!!**

Observa o primeiro Sudoku proposto. Podes empezar colocando o número 1 no primeiro cadro de 3x3. Como non pode repetirse en ningunha rea ou columna, só hai unha opción posible. Descubre agora outras casañas nas que falta o 1 e completa todo o Sudoku.

Nº 1








9		7	1		4	6		
	5		2					1
		3			2		9	
1	6						8	4
	4		5			7		
8					6	5	1	
		6	4		1	3		2
3		1	9	7				

Nº 2

		1				8		
	7		3	1			9	
3				4	5			7
	9		7			5		
	4	2		5		1	3	
		3			9		4	
2			5	7				4
	3			9	1		6	
		4				3		

### PIRÁMIDES NUMÉRICAS

Elixe os números que faltan nos rectángulos, de maneira que a suma dos números de dous rectángulos contiguos (xuntos) sexa igual ao número do rectángulo que ten na parte superior, como aparece no primeiro exemplo resolto (28=13+15; 13=6+7; 15=7+8; 6=1+5; 7=5+2; 8=2+6).



### PASATEMPOS MATEMÁTICOS

Alumnos de 4ºB de E.S.O.

\* Nesta sopa de letras debes encontrar 9 clases de números.

E	A	P	N	G	E	N	T	E	I	R	O	S	I	P	E
F	R	A	A	C	I	O	N	A	R	I	O	S	U	R	I
H	E	R	T	C	E	G	B	Z	O	A	M	C	N	I	M
C	A	E	U	A	X	E	O	V	L	G	I	J	A	M	P
I	I	S	R	E	D	I	V	I	S	O	R	E	S	O	A
U	S	A	A	D	S	O	T	S	E	U	P	M	O	S	R
N	W	N	I	E	L	D	E	C	I	M	A	I	S	M	E
A	F	A	S	C	I	S	M	U	L	T	I	P	L	O	S

\* Completa o seguinte crucinúmero:

- Ano do inicio da primeira guerra mundial
- Ano en que acabou a primeira guerra mundial
- Ano do invento do autoxiro
- Ano do descubrimento da penicilina
- Impar repetido
- O maior número de catro cifras
- O dobre de 561
- O dobre de 2419

	e	f	g	h
a				
b				
c				
d				

### SOLUCIÓNS:

#### O SUDOKU








Nº 1

6	1	2	8	3	9	4	5	7
9	3	7	1	5	4	6	2	8
4	5	8	2	6	7	9	3	1
7	8	3	6	4	2	1	9	5
1	6	5	7	9	3	2	8	4
2	4	9	5	1	8	7	6	3
8	7	4	3	2	6	5	1	9
5	9	6	4	8	1	3	7	2
3	2	1	9	7	5	8	4	6

Nº 2

4	2	1	9	6	7	8	5	3
6	7	5	3	1	8	4	9	2
3	8	9	2	4	5	6	1	7
1	9	8	7	3	4	5	2	6
7	4	2	8	5	6	1	3	9
5	6	3	1	2	9	7	4	8
2	1	6	5	7	3	9	8	4
8	3	7	4	9	1	2	6	5
9	5	4	6	8	2	3	7	1

#### PIRÁMIDES NUMÉRICAS



## AS PALABRAS MÁIS FERMOAS DA NOSA LINGUA

Equipo de Normalización Lingüística

*...elixidas polo alumnado de infantil, primaria, secundaria e profesorado do CPI Tino Grandío de Guntín.*

Palabras solidarias:

quero      compañeira      paz  
grazas      felicidade      solidariedade  
ledicia      nós      liberdade      amizade

Palabras sonoras:

toxo      bolboreta      vacaloura      gaivota  
quero      xabarán      papoula      enxebre  
endexamais      Galiza      galego      chourizo  
xamón      raposo      carballo  
margarida      xanela      xeadada

Palabras de lembranza:

muller      escola      festa  
beizos      pinchacarneiro      vacacións  
bico      rapaza      berce

Palabras sinxelas:

nós      lúa      paz  
nai      Galiza

## O PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

Departamento de orientación

**Neste Curso no noso centro, puxemos en funcionamento un Programa de Diversificación Curricular, co fin de aproveitar e esgotar todas as posibilidades que o sistema educativo pon ao alcance do alumnado.**

A creación dun grupo de Programa de Diversificación Curricular xorde da nosa idea de que calquera alumno que se esforce, teña motivación e interese por aprender, debe ter ao seu alcance axudas para poder obter, ao finalizar o período de Educación Secundaria Obrigatoria, o Título de Graduado en Educación Secundaria.

### Que son os Programas de Diversificación Curricular?

Son medidas organizativas de atención á diversidade para posibilitar que os alumnos poidan acadar as aprendizaxes da E.S.O. e, polo tanto, o TÍTULO DE GRADUADO ESCOLAR.

### Como funcionan?

Mediante unha ensinanza globalizada.

As materias que se imparten nel son:

- Ámbito sociolingüístico (Linguas e Ciencias Sociais)
- Ámbito científico-técnico (engloba (Matemáticas e C. Naturais)
- Lingua Inglesa
- Tecnoloxía, Ed. Física e Plástica
- Optativa de Iniciación Profesional
- Relixión ou Actividades de estudo

### Metodoloxía

Activa e funcional, cuns contidos axeitados ás características e necesidades dos alumnos.

Destínase aos alumnos maiores de 16 anos (ou que os cumpran no ano natural de comezo do curso) que teñen dificultades

xeneralizadas de aprendizaxe, repetiron curso, tiveron axudas dentro ou fóra da aula... E, SOBRE TODO, mostren interese, motivación, esforzo, compromiso con eles mesmos e ganas e necesidade de terminar a E.S.O. para OBTENER O TÍTULO DE GRADUADO NA E.S.O. para poder continuar estudos ou buscar traballo.



Pensamos que é unha boa medida organizativa que permite aos alumnos o acceso a unha cultura básica de maneira máis sinxela e individualizada. Por isto queremos, o próximo curso, poñela de novo en funcionamento. Esperamos que todos os seleccionados POÑAN O SEU MELLOR POTENCIAL EN FUNCIONAMENTO.

**ÁNIMO!!!**

## A GRIPE AVIAR

Susana Rodríguez, Vanesa Rodríguez e Esther Sufuentes de 4ºA de E.S.O.

**Ás veces hai acontecementos sanitarios que nos sorprenden e fan que intentemos saber máis sobre os mesmos. Recentemente a gripe aviar saltou aos medios de comunicación e creou unha conmoción que queremos agora comentar.**

É unha enfermidade causada por un virus que os científicos bautizaron como H5N1, atendendo á súa composición. Os virus son microorganismos extremadamente sinxelos que parasitan células animais, vexetais e incluso bacterias. Sempre causan enfermidades.

Esta enfermidade das aves foi identificada por primeira vez en Italia hai máis de 100 anos e dáse en todo o mundo.

Na maioría dos casos non afecta ao ser humano pero si a aves e mamíferos. O contaxio a persoas prodúcese cando subtipos deste virus, moi patóxenos, entran en contacto con elas debido a unha relación moi estreita


coas aves que en ocasións son mantidas incluso como mascotas.

### Especies vulnerables

As aves acuáticas migratorias, principalmente os patos, constitúen o reservorio principal do virus (pode estar presente nelas aínda que non presenten signos de enfermidade). Estas aves son tamén as máis resistentes á infección. Todas as especies de aves son susceptibles de ser infectadas, especialmente as de curral, polos, pavos, podendo desenvolverse unha epidemia.

### Síntomas

Nas aves poden aparecer, desde signos leves de enfermidade ata



situacións graves na que se pode chegar á morte de practicamente todos os individuos no día en que aparecen os síntomas.

En humanos maniféstase como a gripe común, con febre de máis de 38°C, dificultade respiratoria, tose, diarrea, vómitos, hemorraxias... derivando en casos graves a pneumonía, fallo respiratorio e a morte.


**Como se contaxia?**

De momento só se contaxia de animal a animal e de animal a humano. Non se deron casos de contaxio de humano a humano, o cal podería significar o risco de pandemia.

O contaxio ten lugar por exposición directa e continuada con animais vivos portadores do virus ou cos seus excrementos, inhalando partículas contaminadas presentes no aire, na auga ou no chan. A vía de entrada é o aparello respiratorio.

O virus pode sobrevivir ata 4 días a 22°C e máis de 30 a 0°C. Un simple gramo de esterco contaminado pode conter virus abondo para infectar a un millón de aves.

Non é posible o contaxio a través dos alimentos cociñados xa que se destrúe a partir de 70°C.



**Medidas para evitar a expansión da enfermidade**

- Destruír as aves expostas ou infectadas
- Desinfección das granxas; a calor e os desinfectantes como a formalina e os compostos iodados acaban co virus.
- Cociñar correctamente ovos e carne de curral e lavar as mans e os utensilios con auga e xabón.
- Aillar as especies de granxa do contacto con aves silvestres e fontes de comida ou auga que poidan estar en contacto con elas
- Vixiar a entrada e saída de persoas e vehículos as explotacións, de maneira que se desinfecte correctamene calzado, roupa e pneumáticos.

**É posible a aparición dunha pandemia?**

Para que o virus da gripe aviar poida transmitirse de persoa a persoa é necesario que se mesture con virus de gripe común, dando lugar a un novo virus. Isto só se pode dar se ambos coinciden nunha mesma especie. Os cochos poden ser esta especie xa que as súas células permiten a entrada nelas de ambos tipos de virus. Ademais poden estar en contacto, na granxa, tanto con aves como con humanos. Por outra parte, en lugares onde apareceu a gripe aviar e exista un contacto estreito coas aves, como é o caso de sudeste asiático, pode darse esta mestura nas propias persoas, por iso se recomendaría a vacinación contra a gripe común.

Ata o momento este proceso non tivo lugar pero non sería a primeira vez que pasa algo así. A gripe española de 1918 leva erroneamente este nome xa que non foi España o país de orixe. Claro que o resto de Europa atopábase inmersa na Primeira Guerra Mundial e as noticias

non reflectían a incidencia da enfermidade. España non participou na contenda e os xornais informaban do seu avance. Afectou primeiro a Europa, logo estendeuse a EEUU e finalmente viuse afectado todo o planeta, do Ártico ao Pacífico. Morreron máis de 50 millóns de persoas cos pulmóns danados. Agora pénsase que o virus da gripe española acababa de pasar ao ser humano dende algún animal, por iso a poboación tiña escasa inmunidade. Dende 1918 cambiaron moitas cousas, o desenvolvemento da medicina dá recursos que daquela non existían para loitar contra a enfermidade.

### Tratamento

Existe un antiviral que pode frear os síntomas da enfermidade unha vez contraída e prever complicacións, é o Osentamivir, comercializado co nome de Tamiflu. O Ministerio de Sanidade xa comprou 2 millóns de doses deste produto que será subministrado, se é o caso, polos Centros de Atención Primaria.

Como curiosidade podemos dicir que o Tamiflu fabricase a partir das sementes do anís estrelado *Illicium veru*, que é unha planta usada na cociña tradicional chinesa e para combater a acumulación de gases en nenos e adultos. Actualmente este uso está descartado porque ten un elevado efecto laxante. A farmacéutica Roche usa un 90% da produción mundial desta planta para fabricar o medicamento.




Existe unha vacina para subministrar ás aves, pero non para evitar unha pandemia en humanos xa que o virus que a pudiera causar aínda non apareceu. A vacina contra a gripe común pode evitar que nunha mesma persoa coexistan os dous virus que pudieran dar lugar a un novo patóxeno.

### Zonas afectadas

Na actualidade, a maior incidencia en animais e persoas dáse no Sudeste Asiático e ao longo deste inverno documentáronse casos, especialmente en aves en Europa (Alemaña, Turquía), zonas do Mediterráneo e algúns países africanos. En España fixéronse unhas 20000 análises, non detectándose ningún caso de aves infectadas.

Galicia non ten zonas de alto risco de contaxio de gripe aviar pero aínda así queda prohibida a venda de aves vivas ou mortas en todos os mercados e feiras. Son zonas de risco en España os Parques Nacionais de Doñana, Delta do Ebro, Albufera de Valencia e Bahía de Cádiz.



### Bibliografía:

Esta información foi sacada de Internet, periódicos, *La Voz de Galicia* e *El Progreso*, revistas, *National Geographic*, *El Semanal* e *Mujer hoy*.

## UN ACONTECEMENTO ASTRONÓMICO: A ECLIPSE ANULAR

Eva Fernández, M<sup>a</sup> Carmén Vázquez, Lidia Rodríguez, Isaac Valín, Noelia Pérez de 4<sup>o</sup> de E.S.O.

**O día 3 de outubro vivimos o inusual acontecemento dunha eclipse anular de sol, que nos fixo recordar a todos, e sobre todo ás autoras deste traballo, todo o que hai detrás deste fenómeno.**

Durante séculos as eclipses fascinaron e atemorizaron á humanidade. Hoxe en día xa non os contemplamos como presaxio de terribles acontecementos pero o feitizo que exercen sobre nós permance intacto.

Todas as culturas da antigüidade fixeron a súa propia lectura das eclipses, por exemplo, a tradición tibetana, mantén que son os portadores dunha gran enerxía, capaz de potenciar o máximo das accións humanas, sexan estas positivas ou negativas. A milenaria cultura chinesa, que considera entidades vivas á Terra e á natureza, atribúelle á eclipse solar un efecto renovador. A reaparición do astro despois da eclipse cobraba o sentido dun renacemento, do comezo dunha nova etapa. Os antigos chineses consideraban que a superficie da Terra é un espello escuro que reflectía todo canto acontecía nos ceos.

Na mitoloxía exipcia a Lúa e o Sol eran os ollos do Deus Horus. Unha eclipse ocorría cando Set e Horus pelexaban e o primeiro arrincáballe os ollos ao segundo. Segundo algunhas versións, a normalidade era restaurada grazas á intervención de Toth que buscaba e recuperaba o ollo perdido.

Tradicións orientais viron un enorme dragón que viña devorar o Sol. Os incas tamén trataron de intimidar ás criaturas que comían ao Sol. Nos últimos séculos o coñecemento científico era privilexio duns poucos que o aproveitaron para manipular aos demais. Un dos exemplos máis clásicos foi a extorsión que Cristovo Colón fixo aos pobos indíxenas que encontrou cando estivo parado en Xamaica, en 1504. Os

nativos negábanse a subministrar provisión a quen os trataba como un tirano e o almirante, sabedor da eclipse lunar que estaba a punto de acontecer, utilizouno para proclamar que estaba furioso e que demostraría a súa ira facendo desaparecer á Lúa. Os xamaicanos aterrorizados aseguráronlle que lle concederían canto quixera se devolvía a Lúa ao seu lugar e Colón así o fixo.

### Que é un eclipse de sol?

Cada vez que a lúa na súa fase de Nova pasa exactamente entre o Sol e a Terra, a sombra lunar proxéctase en dirección á Terra e debería producirse unha eclipse solar.


As eclipses de Sol coinciden coa Lúa nova. Pero naturalmente non se producen eclipses en cada lunación, posto que se require que os tres astros implicados Sol, Terra e Lúa logren unha alineación perfecta no espazo, e isto só se produce unhas poucas veces no ano.

Debido ao movemento de translación da Terra ao redor do Sol, cada 6 meses aproximadamente danse as condicións para que se produzan eclipses, ao ocorrer as fases de Lúa nova e Lúa chea moi preto do plano da elíptica. As eclipses acontecen por parellas: unha eclipse parcial ou total do Sol e o outra parcial ou total de Lúa separadas por dúas semanas. Aínda que con menor frecuencia, as eclipses poden vir ailladas, nese caso sempre serán de Sol, tal e como sucedeu no ano 2002, no que non se produciu ningunha eclipse total ou parcial de Lúa.

A razón de que estes fenómenos non acontezan todos os meses é debido a que a órbita do noso satélite encóntrase lixeiramente inclinada respecto á elíptica no plano da órbita terrestre co que só se producirán eclipses nos momentos nos que a Lúa corta este plano. Nun ano dado esta situación pode darse un mínimo de dúas e un máximo de sete ocasións; nun século, por exemplo o


pasado, producíronse 375 de Sol e 147 de Lúa. Estas últimas son visibles desde todo o planeta.

Dáse a curiosa particularidade de que o Sol é aproximadamente unhas 400 veces máis grande cá Lúa, pero esta atópase tamén unhas 400 veces máis cerca, polo que os seus diámetros aparentes case coinciden.



A combinación destas variacións de distancias fai que os diámetros aparentes dos discos do Sol e da Lúa non sempre coincidan, e de aí que a duración e a aparición das eclipses solares non sexan as

As eclipses totais de Sol son uns dos espectáculos máis impresionantes da natureza, pois a luz ambiental diminúe tanto que é posible ver as estrelas e os planetas máis brillantes, o ceo adquire un



mesmas. Segundo a proporción do disco solar cuberto pola Lúa, as eclipses solares clasifícanse en:

**Anulares:** cando o menor tamaño aparente da Lúa é insuficiente como para ocultar enteiramente ao Astro Rei: a Lúa queda no interior do disco solar, permitindo ver un brillante anel ao seu redor.

**Parciais:** cando o cono de sombra lunar só oculta parcialmente ao Astro Rei.

**Totais:** no momento en que a nosa estrela queda completamente tapada polo disco lunar.

fantasmal ton metálico, e ao redor do disco negro da Lúa perfílase a atmosfera máis externa do Sol, a tenue e a branquecina coroa. Dito fenómeno, lamentablemente apenas dura uns minutos.

Pola contra, nunha eclipse anular a sombra da Lúa non chega a alcanzar a superficie terrestre, e no seu lugar é, a sombra negativa, ou antiumbra, a que o fai. Se observamos a eclipse dende unha rexión directamente debaixo do percorrido da banda de anularidade, veremos un anel luminoso arredor da Lúa que no seu momento de máximo centrado sobre o disco solar dura tamén uns poucos minutos. Por



desgraza, o brillo da superficie do Sol aínda visible é tan intenso que os fenómenos tan rechamantes propios dunha eclipse total (coroa, o ceo escuro) non son visibles nunha eclipse anular. A luminosidade ambiental, diminúe notablemente na fase de anularidade, xa que apenas un máximo dun 10% do disco solar non se ve tapado pola Lúa.

**Fenómenos a observar nunha eclipse anular**


Durante unha eclipse anular, aparte de seguir a súa evolución desde que a Lúa entra ata que sae do disco solar, dous son os fenómenos máis interesantes a observar: os **efectos de difracción** e as **perlas de Baily**.


Nas fases de parcialidade, e polo efecto da difracción da luz, é posible distinguir no chan ou nunha superficie lisa diminutas imaxes do Sol eclipsado.

Calquera pequeno orificio polo que pase a luz do Sol eclipsado pode servir para este curioso propósito.

As perlas de Baily son os últimos e os primeiros raios solares pasando polos vales e montañas da Lúa xusto antes ou despois das fases de anularidade ou totalidade. Cronometrar e observar con precisión os momentos das primeiras e as últimas perlas teñen un gran valor científico, pois permite reconstruír con exactitude o perfil lunar, ademais de derivar as formas e posicións relativas do Sol e da Lúa.

O 3 de outubro de 2005 foi cruzando o océano Atlántico, e despois a Península Ibérica de Noroeste a Sueste, abarcando Galicia, norte de Portugal, Castela e León, Castela- A Mancha, as Comunidades de Madrid e Valencia, e a illa balear de Ibiza.

A ECLIPSE ANULAR DO 3 DE OUTUBRO DE 2005			
EVENTO	COMENTARIOS	HORA	
Inicio da eclipse	O disco lunar "morde" o limbo solar	09h 40m	
Máximo da fase de anularidade	Neste momento a eclipse chega ao seu máximo esplendor	10h 58m	
Fin da fase de anularidade	Déixase de ver o anel completo	11h 00m	
Fin da eclipse	O disco lunar abandoa completamente o disco do Sol.	12h 24m	



Dende o resto de rexións españolas a eclipse viuse como parcial. Para a Península Ibérica, a eclipse comezou cara ás 9:30, hora local, e rematou cara ás 12:30. O máximo, ou momento de maior ocultación, foi a hora intermedia entre ambos instantes, isto é, cara ás 11:00 da mañá. A duración da anularidade na liña central da banda alcanzou os 4 minutos e 11 segundos, e o Sol quedou tapado en máis dun 90%. É o caso da cidade de Madrid, que quedou moi cerca do centro da liña de sombra. Esta continuou atravesando África, para finalizar no solpor no Océano Índico.

Dende a Península Ibérica, a última eclipse anular de Sol tivo lugar o 9 de xaneiro de 1777. Ao longo do pasado século XX houbo cinco eclipses totais. A primeira aconteceu o 28 de maio de 1900.

A seguinte eclipse de Sol visible dende España xa foi a mañá do mércores 29

marzo de 2006, na que se produciu unha eclipse total sobre África e Asia, e que foi observable como parcial en territorio español.

**Para a túa seguridade:**

Existen dous métodos de observación segura do Sol, os directos e os indirectos.

**Os directos:** Existen unhas lentes especiais de cartón dotadas con filtros plásticos ou de material aluminizado homologadas.

**Os indirectos:** báseanse en proxectar a imaxe do Sol obtida grazas a un instrumento óptico sen filtro dotado dun parasol que faga sombra sobre unha superficie clara, e teñen a vantaxe de permitir a observación en grupo con comodidade e seguridade, xa que non se mira o Sol directamente.



**BIBLIOGRAFÍA:**

- *Guía del cielo 2005*. Ed. Procivel, S.L.
- *Espacio, revista del Universo*, octubre, 2005. Ed. Grupo V.

QUEN É QUEN EN INFANTIL E PRIMARIA?

As vosas profesoras hai moitos anos


Como ben sabedes as vosas profesoras tamén fomos nenas pero se nos vídeses naquela época, saberíades recoñecernos? Non vos vai ser demasiado doado pero podeades intentalo. Polo medio tamén está Daniel.



**QUEN É QUEN EN SECUNDARIA?**

Os vosos profesores e profesoras hai moitos anos

Velaquí tedes un bo exercicio de dedución para que intentedes descubrir a que profesor corresponde cada unha das fotos que vos ensinamos da nosa máis tenra infancia.



DESPÍDENSE DE NÓS ESTE ANO...

Todo 4º de E.S.O.


Tal e como podedes ver polas fotos esta é a relación de alumnos que rematan este ano 4º de E.S.O. e deixarán o noso centro para continuar noutro a súa formación, labor para o que lles desexamos a mellor sorte do mundo.



## CHISTES MATEMÁTICOS

Alumnos de 4º A de E.S.O.

# HUMOR



- Por que se suicidou o libro de mates? -Porque tiña demasiados problemas.
- Dous vectores encóntranse e un dille ao outro: -Tes un momento?
- Por que a galiña cruzou a banda de Moebius? - Para ir ao outro... isto... eh...
- Cantos lados ten un círculo? Dous, o de dentro e o de fóra.
- Que lle di un superconductor a outro? - Leñe, tío, que frío, non resisto máis.
- A probabilidade de ter un accidente de tráfico aumenta co tempo que pasas na rúa. Polo tanto, canto máis rápido andes, menor é a probabilidade de que teñas un accidente.
- O 33 % dos accidentes mortais involucran a alguén que bebeu. Polo tanto, o 67 % restante foi causado por alguén que non bebeu. Á vista disto, está claro que a forma máis segura de conducir é ir borracho e a toda pastilla.
- En Nova York un home é atropelado cada dez minutos. O pobre ten que estar feito po.
- A taxa de natalidade é o dobre que a taxa de mortalidade; polo tanto, unha de cada dúas persoas é inmortal.
- Sabes que Aznar prometeu antes de saír elixido que ía subir todos os soldos, de forma que ninguén cobrase por debaixo da media nacional?
- Na inmensa maioría dos accidentes de circulación, os coches involucrados levan un condutor. Polo tanto, a forma máis segura de viaxar en coche é sen condutor.
- O 20 por cento das persoas morren a causa do tabaco. Polo tanto, o 80 por cento das persoas morren por non fumar. Así que queda demostrado que non fumar é peor que fumar.
- O non ter fillos é hereditario; se os teus pais non tiveron ningún, o máis probable é que ti tampouco os teñas.



Revista Subvencionada:



Concello Guntín



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Política Lingüística